
1

PANORAMA ECONÓMICO

1.1. Contexto económico xeral

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

1.3. Evolución demográfica


1

1.1. Contexto económico xeral

A economía galega encadea nove trimestres consecutivos con taxas de crecemento iguais ou superiores ao 3%, rematando o ano cunha taxa media de variación interanual do 3,1%. Este incremento segue caracterizándose polo seu equilibrio atendendo ás achegas positivas tanto da demanda interna (2,6 puntos), que segue a ser o principal motor de crecemento da economía galega, como da demanda externa (0,5 puntos). Entre os compoñentes da demanda interna, o investimento foi o máis dinámico, cun incremento do 3,2%, por diante do gasto en consumo final, cun 1,5%. O saldo exterior neto positivo é resultado dunha medra das exportacións do 4,8% fronte ao 2,3% das compras exteriores.

Dende o lado da oferta, todos os sectores contribúen positivamente ao crecemento. A construción foi o que presentou as taxas de variación interanuais máis elevadas, cunha medra do 3,5%, por diante dos sector servizos, cun 3,3% e do sector primario e a industria, cun 1,7%. Ademais, cómpre resaltar o incremento experimentado pola industria manufactureira, que se sitúa no 4,2%.

A remuneración de asalariados mantén o incremento iniciado en 2015, cunha medra do 3,2%, porcentaxe inferior ao do excedente de explotación bruto/renda mixta bruta, cun 5% e ao dos impostos netos sobre a produción e as importacións, cun 3,8%. Tras esta evolución, o peso relativo da remuneración dos asalariados no PIB descende ata o 42,7%, a porcentaxe máis reducida dende o comezo da serie (1995), ascendendo o peso dos EBE ata o 47,3%.

No concernente ao emprego, a taxa de paro en Galicia descende no último ano ata o 15,7%, punto e medio por baixo da taxa de paro no conxunto do Estado (17,2%). As taxas de actividade e ocupación sitúanse no 53,3% e 45%, respectivamente, porcentaxes que sitúan a Galicia entre as CC.AA. con taxas de actividade e ocupación máis reducidas.

O obxectivo deste capítulo é analizar o contexto económico no que se desenvolve a economía galega. Con tal motivo, estrutúrase en tres grandes apartados. En primeiro lugar, explícase a conxuntura económica mundial, tendo en conta as principais áreas económicas, facendo especial mención á situación da Unión Europea e a zona euro. A continuación analízase o panorama

económico de España, e por último, faise mención á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Panorama económico internacional

A economía mundial rexistra un crecemento do seu PIB ponderado segundo paridade de poder adquisitivo do 3,8% atendendo ás estimacións do Fondo Monetario Internacional (FMI), seis décimas máis que no ano anterior. Cómpre destacar que no segundo semestre do ano o crecemento superou o 4%, o que supón as taxas máis elevadas dende o segundo semestre de 2010. Segundo este organismo internacional, os principais motores deste reponte foron a recuperación do investimento nas economías avanzadas e a interrupción da caída do investimento nalgunhas economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento exportadoras de materias primas, o vigoroso crecemento ininterrompido nas economías emerxentes de Asia, un reponte notable das economías emerxentes de Europa e indicios de recuperación en varios exportadores de materias primas.

Esta evolución non afecta na mesma intensidade aos diferentes países e áreas económicas se ben presentan, con carácter xeral, un ritmo de crecemento superior ao rexistrado no ano anterior. O conxunto das economías avanzadas presentan en 2017 unha medra do 2,3%, seis décimas máis que no ano anterior, onde os Estados Unidos e os países da zona euro presentan unha taxa de variación interanual do 2,3% (1,5% e 1,8% no ano anterior, respectivamente) e o PIB de Xapón o fai a un ritmo do 1,7% fronte aos 0,9% de 2016.

Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a demanda interna constitúe o motor de crecemento das economías avanzadas, cunha achega de 2,3 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB, sendo nula a contribución do sector exterior neto. O compoñente de maior crecemento en 2017 foi o investimento, cun incremento do 3,5%, seguido pola medra do gasto en consumo privado, cun 2,2%, e en menor medida, o consumo público, cun 0,9%.

No caso da economía dos Estados Unidos, a súa aceleración do crecemento da actividade económica ven propiciada polo comportamento da demanda interna xa que a demanda externa detrae, por cuarto ano consecutivo, décimas ao crecemento do PIB (unha décima en 2017). O investimento e o gasto en consumo privado son as compoñentes que presentan un maior incremento, cun 3,5% e 2,8%, respectivamente. Asemade, cómpre mencionar a intensa ralentización do gasto das Administración Públicas, que rexistran unha medra interanual do 0,1% fronte ao 1% de 2016.

A diferenza do acontecido na economía dos EE.UU, a medra da actividade produtiva en Xapón e no conxunto dos países da zona euro está influenciada tanto pola achega da demanda externa como interna. A economía xaponesa medra no último ano un 1,7% sendo a contribución da demanda interna de 1,2 puntos porcentuais e de 0,5 puntos da demanda externa. No que atinxe á demanda interna, cómpre salientar tanto a recuperación do gasto en consumo privado, que medra un 1,1% respecto ao ano anterior (0,1% en 2016), como o crecemento do 2,5% no investimento (1,1% en 2016). A diferenza do acontecido no ano anterior, o consumo público sitúase como a compoñente de menor dinamismo ao incrementarse un 0,1% respecto ao ano anterior (1,3% en 2016).

A zona euro presenta en 2017 unha taxa de variación interanual do PIB de 2,3%, medio punto máis que no ano anterior, influenciado pola demanda interna, que achega dous puntos ao crecemento agregado fronte ás tres décimas do sector exterior neto. Entre as variables da demanda interna, a que presenta un maior dinamismo foi o investimento, cunha medra do 3,5% (4,6% en 2016), seguido polo consumo privado, cun 1,6% (2% no ano anterior). O gasto en consumo público aumenta un 1,2%, seis décimas menos que no ano precedente.

O dinamismo económico trasládase ao mercado de traballo, quen experimenta descensos xeneralizados da taxa de desemprego. No conxunto das economías avanzadas a taxa de paro sitúase no 5,7%, acadando valores significativamente máis reducidos en Xapón e Estados Unidos, cun 2,9% e 4,4%, respectivamente. Nos países da zona euro a taxa de paro descende ata o 9,1% en 2017.

Economía internacional 2013-18: evolución dos principais indicadores

	2013	2014	2015	2016	2017	2018 (1)
Produto Interior Bruto real						
Economía mundial	3,5	3,6	3,5	3,2	3,8	3,9
Economías avanzadas	1,3	2,1	2,3	1,7	2,3	2,5
EE.UU.	1,7	2,6	2,9	1,5	2,3	2,9
Xapón	2,0	0,4	1,4	0,9	1,7	1,2
Zona Euro	-0,2	1,3	2,1	1,8	2,3	2,4
Alemaña	0,6	1,9	1,5	1,9	2,5	2,5
Francia	0,6	0,9	1,1	1,2	1,8	2,1
Italia	-1,7	0,1	1,0	0,9	1,5	1,5
España	-1,7	1,4	3,4	3,3	3,1	2,8
Países emerxentes e en desenvolvemento	5,1	4,7	4,3	4,4	4,8	4,9
China	7,8	7,3	6,9	6,7	6,9	6,6
India	6,4	7,4	8,2	7,1	6,7	7,4
Demanda interna real total						
Economías avanzadas	1,0	2,0	2,5	1,8	2,3	2,7
EE.UU.	1,3	2,7	3,5	1,7	2,4	3,5
Xapón	2,4	0,4	1,0	0,4	1,2	1,1
Zona Euro	-0,6	1,3	2,0	2,4	2,0	2,2
Alemaña	1,0	1,3	1,5	2,4	2,4	2,3
Francia	0,7	1,4	1,6	1,9	2,3	1,9
Italia	-2,6	0,2	1,5	1,1	1,4	1,6
España	-3,2	2,0	4,0	2,6	2,9	2,6
Gasto en consumo privado						
Economías avanzadas	1,2	1,8	2,5	2,2	2,2	2,2
EE.UU.	1,5	2,9	3,6	2,7	2,8	2,9
Xapón	2,4	-0,9	0,0	0,1	1,1	0,6
Zona Euro	-0,6	0,8	1,8	2,0	1,6	1,8
Alemaña	0,8	1,0	1,6	1,9	2,1	2,0
Francia	0,5	0,8	1,4	2,2	1,3	1,4
Italia	-2,4	0,2	1,9	1,4	1,3	1,3
España	-3,1	1,5	3,0	3,0	2,4	2,3
Gasto en consumo público						
Economías avanzadas	-0,3	0,6	1,5	1,6	0,9	2,1
EE.UU.	-2,4	-0,5	1,3	1,0	0,1	3,1
Xapón	1,5	0,5	1,5	1,3	0,1	-0,3
Zona Euro	0,3	0,7	1,3	1,8	1,2	1,4
Alemaña	1,4	1,5	2,9	3,7	1,6	2,0
Francia	1,5	1,3	1,1	1,3	1,6	1,0
Italia	-0,3	-0,7	-0,6	0,6	0,1	0,3
España	-2,1	-0,3	2,1	0,8	1,6	1,0
Formación bruta de capital						
Economías avanzadas	1,5	3,5	2,7	1,9	3,5	4,5
EE.UU.	3,1	4,8	3,5	0,6	3,4	5,6
Xapón	4,9	3,1	1,7	1,1	2,5	3,4
Zona Euro	-2,5	1,9	3,3	4,6	3,5	4,4
Alemaña	-1,2	3,8	1,1	2,9	4,0	3,5
Francia	-0,8	0,1	1,0	2,9	3,7	4,0
Italia	-6,6	-2,3	2,1	3,2	3,7	4,0
España	-3,4	4,7	6,5	3,3	5,0	4,5

(1) 2018: previsións

(consulta: 19-04-2018)

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

Economía internacional 2013-18: evolución dos principais indicadores (cont.)

	2013	2014	2015	2016	2017	2018 (1)
IPC *(medias anuais)*						
Economías avanzadas	1,4	1,4	0,3	0,8	1,7	2,0
EE.UU.	1,5	1,6	0,1	1,3	2,1	2,5
Xapón	0,3	2,8	0,8	-0,1	0,5	1,1
Zona Euro	1,3	0,4	0,0	0,2	1,5	1,5
Alemaña	1,6	0,8	0,1	0,4	1,7	1,6
Francia	1,0	0,6	0,1	0,3	1,2	1,5
Italia	1,2	0,2	0,1	-0,1	1,3	1,1
España	1,4	-0,1	-0,5	-0,2	2,0	1,7
Países emerxentes e en desenvolvemento						
China	2,6	2,0	1,4	2,0	1,6	2,5
India	9,4	5,8	4,9	4,5	3,6	5,0
Produtividade laboral (2)						
Economías avanzadas	0,4	1,7	0,0	1,1	1,7	1,6
EE.UU.	1,0	0,0	0,3	0,4	0,6	1,8
Xapón	-0,9	2,0	-3,2	1,5	3,4	3,1
Zona Euro	-0,1	2,2	1,1	1,5	1,5	0,7
Taxa de desemprego						
Economías avanzadas	7,9	7,3	6,7	6,2	5,7	5,3
EE.UU.	7,4	6,2	5,3	4,9	4,4	3,9
Xapón	4,0	3,6	3,4	3,1	2,9	2,9
Zona Euro	12,0	11,6	10,9	10,0	9,1	8,4
Alemaña	5,2	5,0	4,6	4,2	3,8	3,6
Francia	10,3	10,3	10,4	10,0	9,4	8,8
Italia	12,1	12,6	11,9	11,7	11,3	10,9
España	26,1	24,4	22,1	19,6	17,2	15,5

(1) 2017: previsións

(2) medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra

(consulta: 19-04-2017)

Fonte: Fondo Monetario Internacional, *World economic outlook*

1.1. 1b.


No que atinxe ao nivel de prezos, en 2017 continúa a presión alcista da inflación influenciada pola evolución do prezo do petróleo. Tras a decisión dos países da OPEP de recortar a produción no primeiro semestre de 2017 e os acordos entre países produtores pertencentes á OPEP e varios non pertencentes á devandita organización, o prezo do barril de petróleo aumentou ao longo de todo o ano acadando os 66,52 euros a finais do mes de decembro (11,56 euros máis que na mesma data do ano anterior).

En relación aos mercados de divisas, o **cadro 1.1.3.** reflicte que os tipos de cambio reais do dólar, libra e ien fronte ao euro aumenta no último ano, o que indica unha apreciación do euro fronte ás outras tres divisas.

No que se refire ás economías dos mercados emerxentes e en desenvolvemento, estes tamén presentan unha lixeira aceleración no seu ritmo de crecemento. As taxas de variación interanual do PIB nestes países ascende en 2017 ata o 4,8%, catro décimas máis que no ano anterior. Dunha banda, os mercados emerxentes da rexión de Asia e Pacífico seguen sendo os de maior crecemento a escala mundial mantendo unha taxa de variación interanual do 6,5% no ano 2017.

Esta evolución explícase, fundamentalmente, tanto polo comportamento da economía de China, que en 2017 frea a desaceleración iniciada en 2010 para situar a medra interanual no 6,9% (dúas décimas máis que no ano anterior), como pola economía da India, cun incremento do PIB do 6,7% (7,1% en 2016). En China e India o crecemento estivo respaldado polo rexurdimento da exportación neta e o vigor do consumo privado, respec-


Prezo do barril de Brent 2008-2017



Fonte: *US Energy Information Administration*

1.1. 2.

Tipo de cambio do euro 2005-17



Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1. 3.

Indicadores macroeconómicos dos Estados membros da UE 2016-17 e previsións para 2018

	PIB			Inflación media (1)			Desemprego			Déficit Público (2)		
	2016	2017	2018	2016	2017	2018	2016	2017	2018	2016	2017	2018
	(taxa de variación anual)						(%)			(taxa de variación anual)		
Bélxica	1,5	1,7	1,8	1,8	2,2	1,5	7,8	7,1	6,4	-2,5	-1,0	-1,1
Alemaña	1,9	2,2	2,3	0,4	1,7	1,6	4,1	3,7	3,6	1,0	1,3	1,2
Estonia	2,1	4,3	3,3	0,8	3,7	3,1	6,8	5,8	6,0	-0,3	-0,3	0,0
Irlanda	5,1	7,3	4,4	-0,2	0,3	0,9	8,4	6,7	5,4	-0,5	-0,3	-0,2
Grecia	-0,2	1,6	2,5	0,0	1,1	0,8	23,5	21,5	20,1	0,6	0,8	0,4
España	3,3	3,1	2,6	-0,3	2,0	1,6	19,6	17,2	15,3	-4,5	-3,1	-2,6
Francia	1,2	1,8	2,0	0,3	1,2	1,5	10,1	9,4	8,9	-3,4	-2,6	-2,2
Italia	0,9	1,5	1,5	-0,1	1,3	1,3	11,7	11,2	10,8	-2,5	-2,3	-1,7
Chipre	3,0	3,8	3,2	-1,2	0,7	1,2	12,9	11,0	9,0	0,3	1,8	2,0
Letonia	2,1	4,5	3,5	0,1	2,9	3,1	9,6	8,7	8,2	0,1	-0,5	-1,1
Lituania	2,3	3,8	2,9	0,7	3,7	2,9	7,9	7,1	6,8	0,3	0,5	0,5
Luxemburgo	3,1	3,4	3,9	0,0	2,1	1,9	6,3	5,5	5,3	1,6	1,5	0,9
Malta	5,5	6,9	5,6	0,9	1,3	1,5	4,7	4,0	4,0	1,0	3,9	1,1
Países Baixos	2,2	3,2	2,9	0,1	1,3	1,6	6,0	4,8	3,8	0,4	1,1	0,7
Austria	1,5	3,1	2,9	1,0	2,2	2,1	6,0	5,5	5,2	-1,6	-0,7	-0,5
Portugal	1,5	2,7	2,2	0,6	1,6	1,6	11,1	8,9	7,7	-2,0	-3,0	-0,9
Eslovenia	3,1	4,9	4,2	-0,2	1,6	1,8	8,0	6,6	5,6	-1,9	0,0	0,5
Eslovaquia	3,3	3,4	4,0	-0,5	1,4	2,2	9,7	8,1	7,1	-2,2	-1,0	-0,9
Finlandia	1,9	3,3	2,8	0,4	0,8	1,4	8,8	8,6	8,4	-1,8	-0,6	-0,7
Bulgaria	3,9	3,8	3,7	-1,3	1,2	1,4	7,6	6,2	5,5	0,2	0,9	0,6
Rep. Checa	2,6	4,5	3,2	0,6	2,4	2,4	4,0	2,9	2,4	0,7	1,6	1,4
Dinamarca	2,0	2,1	2,0	0,0	1,1	1,4	6,2	5,7	5,5	-0,4	1,0	-0,1
Croacia	3,2	3,2	2,8	-0,6	1,3	1,6	13,1	11,2	9,6	-0,9	0,8	0,7
Hungría	2,2	3,8	3,7	0,4	2,4	2,8	5,1	4,2	3,7	-1,7	-2,0	-2,4
Polonia	2,9	4,6	4,2	-0,2	1,6	2,1	6,2	4,9	4,1	-2,3	-1,7	-1,4
Rumanía	4,8	6,7	4,5	-1,1	1,1	4,1	5,9	4,9	4,5	-3,0	-2,9	-3,4
Suecia	3,2	2,7	2,7	1,1	1,9	1,8	7,0	6,7	6,3	1,2	1,3	0,8
Reino Unido	1,9	1,8	1,4	0,7	2,7	2,7	4,8	4,3	4,4	-3,0	-1,9	-1,9
UE-28	2,0	2,4	2,3	0,3	1,7	1,9	8,5	7,6	7,1	-1,6	-1,0	-0,8

(1) IPC armonizado (2005=100) ou IPC nacional cando o primeiro non está dispoñible
(2) capacidade (+) necesidade (-) de financiamento das AA.PP. en porcentaxe do PIB
Fonte: EUROSTAT e Comisión Europea

1.1.4.

tivamente, en tanto que o aumento do investimento perdeu forza.

Por outra banda, entre os países emerxentes e en desenvolvemento europeos presentaron unha medra do 5,8% (3,2% no ano anterior), sendo esta medra do 1,3% nos países emerxentes de América Latina e Caribe (–0,6% no ano 2016). Cómpre destacar que fronte a contracción económica experimentada en Brasil ou Rusia no período 2015-16 por mor do impacto da caída do petróleo, ambos retoman as taxas positivas de crecemento (1% e 1,5%, respectivamente) influenciados pola evolución do prezo desa materia prima, a recuperación do investimento fixo e o crecemento do consumo privado.

• Unión Europea (UE-28)

A actividade económica da UE-28 aumentou o seu ritmo de crecemento de forma sólida e xeneralizada no último ano, acadando unha taxa de variación interanual do 2,4% segundo os datos recollidos nas previsións económicas de primavera presentadas pola Comisión Europea en maio de 2018. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, esta incremento é o máis elevado dende o ano 2007 (3%).

A demanda interna constitúe o principal motor de crecemento da economía comunitaria, cunha achega de dous puntos ao crecemento agregado do PIB. Como amosa o **cadro 1.1.5.**, o investimento en capital fixo segue a ser a compoñente de maior dinamismo, cunha


PIB na UE-28 no período 2014-2018: distribución segundo compoñentes

	2014	2015	2016 (%)	2017	2018
Gasto en consumo final do sector privado	1,2	2,1	2,4	1,9	1,8
Gasto en consumo final das administracións públicas	1,2	1,3	1,6	1,1	1,4
Formación Bruta de Capital Fijo	3,0	3,6	3,5	3,4	4,2
Achega demanda interna (1)	**1,9**	**2,2**	**2,3**	**2,0**	**2,1**
Exportacións de bens e servizos	4,7	6,2	3,5	5,3	5,2
Importacións de bens e servizos	5,3	6,3	4,8	4,5	5,1
Saldo exterior neto (1)	**-0,1**	**0,1**	**-0,4**	**0,5**	**0,2**
PIB	**1,8**	**2,3**	**2,0**	**2,4**	**2,3**

(1) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado
Fonte: Comisión Europea, Perspectivas económicas de primavera, abril 2018

1.1. 5.

Débeda pública nas economías europeas 2009-17 (1)




(1) débeda pública como porcentaxe do PIB
Fonte: EUROSTAT

1.1. 6.

medra do 3,4%, unha décima menos que no ano anterior. O consumo privado creceu un 1,9% respecto ao ano anterior (2,4% en 2016) e o gasto en consumo das Administracións Públicas o fixeron nun 1,1% (1,6% no ano anterior). No que a demanda externa se refire, as exportacións de bens e servizos medraron en 2017 un 5,3%, case dous puntos máis que no ano anterior, sendo a taxa de variación interanual das importacións do 4,5%, tres décimas menos que en 2016.

No que aos principais países se refire, España rexistrou un incremento interanual do PIB do 3,1% no último ano, superando ao resto das principais economías da zona euro como Alemaña (2,2%), Francia (1,8%) e Italia (1,5%). A demanda interna é o principal motor de crecemento nestas economías, onde a demanda externa detrae tres décimas ao crecemento agregado do PIB en Francia, e tan só achega dúas décimas en Italia e Alemaña. Fóra da zona euro, o Reino Unido presenta unha medra do 1,8%, destacando, en comparación coas economías sinaladas anteriormente, unha maior achega do saldo exterior neto, con seis décimas. Doutra banda,

PIB en Galicia e España 2008-17 (1)(2): evolución



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2018)
(2) Os datos dos anos 2014 e 2015 son provisionais. Os datos dos anos 2016 e 2017 son avance
Fonte: INE, *Contabilidad regional de España. Base 2010* e IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008*

1.1.7.

Suecia volve a rexistrar unha ralentización no seu crecemento (2,4% en 2017), sendo negativa a achega da demanda externa.

No concernente ás consecuencias da devandita evolución da actividade económica sobre o emprego, o crecemento do PIB real da UE-28 reflíctese tamén nunha medra da ocupación nun 1,6%, catro décimas por riba do estimado para o ano anterior, así como un descenso da taxa do desemprego, que se sitúa no 7,6%, un punto inferior ao rexistrado no ano anterior. Atendendo á evolución dos últimos anos, cómpre resaltar que o crecemento do emprego é o máis intenso dende o ano 2007 (1,9%), e que a taxa de paro é a máis reducida dende 2008 (7%).

Entre as principais economías, cómpre resaltar dunha banda que España é un dos países con maior crecemento do emprego (contas económicas), cun incremento da ocupación do 2,6% respecto ao ano anterior, senso esta medra do 1,5% en Alemaña, e do 1,1% e Italia e 1% en Francia. Por el contrario, España presenta unha elevada taxa de desemprego, cun 17,2%, porcentaxe que tan só é superada por Grecia, cun 21,5%.

Panorama económico de España

O produto interior bruto (PIB) xerado pola economía española encadea once trimestres consecutivos con taxas de crecemento interanuais iguais ou superiores ao 3%, rematando o ano 2017 cunha medra media anual do 3,1%, dúas décimas menos que no ano anterior. As taxas intertrimestrais amosan tamén unha certa ralentización ao longo do ano, presentando no segundo semestre do ano un crecemento do 0,7% fronte ao 0,8% do primeiro trimestre e o 0,9% do segundo (**cadro 1.1.7.**).

No que se refire á composición do crecemento, ao igual que no ano anterior tanto a demanda interna como externa presentan unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB. A demanda interna segue a ser o principal motor de crecemento aumentando a súa contribución ata os 2,8 puntos porcentuais (2,5 puntos en 2016), en tanto que o sector exterior aporta tres décimas fronte ás oito do ano anterior. Como reflicte o **cadro 1.1.8.**, no cuarto trimestre de 2017 o sector exterior neto detrae unha décima, aspecto que non acontecera ao longo de todo o ano 2016.

PIB en España 2016-17: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2016	2017	2016				2017			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	2,5	2,2	2,8	2,7	2,3	2,1	1,9	2,2	2,1	2,5
Gasto en consumo final dos fogares	2,9	2,4	3,2	3,2	2,7	2,7	2,2	2,4	2,4	2,5
Gasto en consumo final das ISFLSH	7,4	2,7	8,3	7,1	7,4	6,7	3,2	3,3	2,3	2,0
Gasto en consumo final das AA.PP.	0,8	1,6	1,6	0,9	0,8	-0,0	1,0	1,5	1,4	2,4
Formación bruta de capital fixo	3,3	5,0	4,3	3,6	2,7	2,7	4,9	3,9	5,6	5,6
Activos fixos materiais	3,4	5,2	4,4	3,6	2,9	2,8	5,2	4,1	5,7	6,0
Construcción	2,4	4,6	2,2	2,3	2,1	3,1	4,5	4,3	5,1	4,8
Bens de equipo	4,9	6,1	7,6	5,5	4,1	2,5	6,1	3,9	6,6	7,7
Productos da propiedade intelectual	2,7	3,7	3,8	3,4	1,6	2,1	3,5	2,9	5,0	3,3
Demanda interna (2)	2,5	2,8	3,1	2,9	2,2	2,0	2,5	2,5	3,0	3,2
Exportacións de bens e servizos	4,8	5,0	4,5	6,2	3,8	4,5	5,6	4,5	5,6	4,4
Exportacións de bens	3,1	5,0	3,1	5,0	1,8	2,3	5,9	3,1	5,7	5,3
Exportacións de servizos	8,8	5,1	7,7	8,9	8,7	9,7	4,9	7,8	5,5	2,3
Importacións de bens e servizos	2,7	4,7	3,6	4,8	0,8	1,6	4,5	3,1	5,9	5,2
Importacións de bens	1,3	5,0	2,3	4,1	-1,4	0,1	4,7	2,9	6,5	6,2
Importacións de servizos	9,3	3,0	9,5	8,1	11,6	8,2	3,8	3,7	3,3	1,4
Demanda externa (2)	0,7	0,3	0,4	0,5	1,0	1,0	0,5	0,6	0,1	-0,1
PIB a prezos de mercado	3,3	3,1	3,5	3,4	3,2	3,0	3,0	3,1	3,1	3,1
Agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca	6,9	3,7	7,9	7,3	7,4	5,2	5,0	3,7	4,2	2,0
Industria	3,6	3,7	4,0	4,1	3,1	3,0	3,0	3,4	3,9	4,6
Industria manufactureira	3,5	3,8	5,2	4,0	2,7	2,3	2,6	3,5	4,3	4,7
Construción	1,9	4,9	1,2	1,2	2,3	2,8	4,5	4,9	4,9	5,4
Servizos	3,0	2,6	3,0	3,2	3,1	2,8	2,7	2,6	2,5	2,5
Impostos netos sobre os produtos	4,4	4,2	5,9	4,5	3,7	3,6	4,1	4,6	4,2	3,7

(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2018)
(2) aportación ao crecemento do PIB a prezos de mercado
Fonte: INE, *Contabilidad trimestral nacional de España. Base 2010*

1.1. 8.

Entre os compoñentes da demanda interna, tanto o consumo final como a formación bruta de capital fixo (FBCF) rexistraron taxas de variación positivas, se ben mentres que o primeiro presenta unha lixeira desaceleración no seu ritmo de crecemento, o investimento presenta un positivo impulso. No conxunto do ano 2017 a FBCF aumenta un 5% respecto ao ano anterior (3,3% en 2016), salientando entre os seus compoñentes o comportamento do investimento en bens de equipamento, cunha medra do 6,1%. Atendendo á súa evolución ao longo do ano, cómpre resaltar que no cuarto trimestre do ano este investimento medrou un 7,7% respecto ao mesmo período do ano anterior.

Asemade, o investimento en construción aumenta un 4,6%, 2,2 puntos por riba do experimentado no ano anterior, en tanto que a taxa de variación interanual no caso dos produtos da propiedade intelectual ascende ata o 3,7%, un punto máis que en 2016.

Pola súa banda, o gasto en consumo final experimenta no último ano unha medra do 2,2%, tres décimas menos que no ano anterior. Esta evolución menos favorable explícase polo comportamento do consumo final dos fogares, que medra un 2,4%, cinco décimas menos que no ano anterior, como das institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares, cun incremento do 2,7%, o que significa 4,7 puntos menos que no ano anterior.

Ao contrario do acontecido co consumo privado, o gasto final das Administracións Públicas presenta taxas de variación interanuais superiores ás do ano anterior,

Índices de competitividade de España 2010-17 (1)

	Fronte á zona euro			Fronte á UE-28			Fronte a novos países industrializados de Asia (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con custos laborais unitarios	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
				(base 1999 =100)				
2010	110,0	108,7	113,4	110,0	109,1	112,1	111,0	103,7
2011	110,4	109,8	111,7	110,2	110,0	110,4	110,1	106,9
2012	110,3	110,6	106,6	109,6	110,2	105,0	100,2	99,6
2013	110,5	110,8	104,8	110,2	110,7	103,7	101,1	100,6
2014	109,8	110,5	104,0	109,2	110,1	102,7	99,2	98,6
2015	108,9	111,3	105,2	107,4	110,1	103,0	84,0	84,2
2016	108,1	111,1	103,5	107,8	110,8	102,2	85,6	85,6
2017	108,7	111,8	102,3	108,8	111,8	101,4	87,6	88,4

(1) a caída no índice reflicte melloras na competitividade
(2) China, Corea do Sur, Filipinas, Hong-Kong, India, Indonesia, Malaisia, Singapur, Taiwán e Tailandia.
Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.1.9.

acadando en 2017 un incremento do 1,6%, o dobre do rexistrado no ano precedente.

No concernente á demanda externa, a súa menor achega en relación ao acontecido no ano anterior explícase polo maior dinamismo das importacións en relación ao experimentado polas exportacións de bens e servizos. A economía española presenta unha medra das exportacións do 5%, dúas décimas máis que no ano anterior, en tanto que as compras ao exterior medran un 4,7%, dous puntos porcentuais por riba do experimentado en 2016. A evolución das exportacións e importacións ao longo de todo o ano explican que a achega do sector exterior sexa negativa no cuarto trimestre (–0,1 puntos).

A análise do cadro macroeconómico de España dende o lado da oferta amosa que todos os sectores produtivos volven a presentar taxas de crecemento interanuais positivas. En primeiro lugar, cómpre resaltar que o sector da construción se sitúa en 2017 como o sector de maior dinamismo, cun crecemento medio anual do 4,9%, tres puntos máis que no ano anterior. Séguelle a industria manufactureira, cunha taxa de variación interanual de 3,8%, tres décimas máis que en 2016.

Por contra, o sector primario e o conxunto do servizos presentan un incremento do valor engadido bruto menos intenso que no ano anterior. As ramas primarias, tras a forte aceleración do ano anterior, rexistra unha taxa de crecemento interanual do 3,7% fronte ao 7,9% do ano anterior, en tanto que os servizos o fan nun 2,6%, catro décimas menos que no ano precedente. Entre as ramas do sector terciario, as actividades profesionais e as de comercio, transporte e hostalería volven a ser as de maior crecemento, con 6,2% e 5,1%, respectivamente. As actividades financeiras e de seguros volven a rexistrar unha contracción en 2017, cunha caída do 1,5%, case o dobre que no ano anterior (–0,8%).

Asemade, cómpre salientar que os datos correspondentes ao índice de competitividade da economía española en termos de prezos ao consumo e prezos industriais reflicten que España presenta unha perda tanto fronte á zona euro como ao conxunto dos países da UE-28 e aos novos países industrializados de Asia. Por contra, tan só mellora a competitividade en termos de custos laborais unitarios (**cadro 1.1.9.**).

Atendendo á distribución funcional da renda, os datos da Contabilidade trimestral do INE amosan que a remuneración por asalariado volven a experimentar en España unha medra inferior á rexistrada polo PIB en termos correntes como polo excedente bruto de explotación/rendas mixtas. No conxunto do ano 2017 a remuneración de asalariados incrementouse en España un 3,3% en relación ao ano anterior (2,9% en 2016), en

Distribución funcional da renda España 2008, 2016 e 2017 (1)

	PIB a prezos de mercado	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións
		(en millóns de euros)		
2008	1.116.225	559.777	465.155	91.293
2016	1.118.522	532.852	471.020	114.650
2017	1.163.662	550.272	493.627	119.763
		(% / PIB)		
2008	100,0	50,1	41,7	8,2
2016	100,0	47,6	42,1	10,3
2017	100,0	47,3	42,4	10,3

(1) PIBpm (prezos correntes); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 03-03-2017)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: INE, *Contabilidad Nacional Trimestral de España. Base 2010*

1.1.10.

tanto que o PIB en termos correntes o fai nun 4% (3,6% no ano precedente), de xeito que o peso da remuneración de asalariados descende lixeiramente ata o 47,3%, tres décimas menos que en 2016 (**cadro 1.1.10.**).

O excedente bruto de explotación e a renda mixta, valor que indica o pago aos factores produtivos salvo os salarios aos traballadores, presenta no ano 2017 un incremento medio anual do 4,8%, unha décima nenos que o rexistrado no ano anterior (4,9%). Asemade, os impostos netos sobre a produción e as importacións increméntanse un 4,5% fronte ao 1,5% experimentado no ano anterior.

En termos agregados, o dinamismo da actividade económica tradúcese nun bo comportamento do mercado de traballo en termos da evolución da ocupación e da redución do desemprego. Dunha banda, as contas económicas amosan que o incremento da ocupación –medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo– foi de case 490.000 persoas (2,8%), aumentando o número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en España en torno ás 621.700 persoas en relación ao ano anterior (un 3,5%) e a poboación ocupada estimada pola EPA en torno ás 483.300 persoas (2,6%).

Doutra banda, o número de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego a 31 de decembro de 2017 descende en 361.155 persoas en relación á mesma data do ano anterior (–9,3%) e o paro estimado pola EPA redúcese en 564.200 persoas (–12,6%). Influenciado pola redución da poboación activa e a devandita creación de emprego, a taxa de paro en España descende ata o 17,2%, unha taxa que a nivel europeo só está por debaixo da grega.

• Comunidades Autónomas

Segundo os datos recollidos na Contabilidade Rexional do INE, por terceiro ano consecutivo Galicia presenta una evolución do PIB per cápita máis positiva que o conxunto do Estado, rexistrando en 2017 unha medra do 4,4%, seis décimas por riba do acontecido de media en España. No último ano, o PIB nominal por habitante, influenciado por unha caída da poboación, ascende en Galicia a 22.497 euros, o que supón o 90% do PIB per cápita español (medio punto porcentual superior ao

Mercado de traballo en Galicia e España 2016-17

	Galicia		España	
	2016	2017	2016	2017
	(taxas de variación interanual)			
PIB (1)	3,1	3,1	3,1	3,1
Emprego				
Afiliados en alta na Seguridade Social	1,7	2,1	3,0	3,5
Ocupación	2,3	1,2	2,7	2,6
Paro estimado	-11,5	-9,2	-11,4	-12,6
Paro rexistrado	-8,9	-8,6	-8,6	-9,3
Regulación do emprego				
Traballadores afectados por expedientes autorizados	1,1	-50,1	-13,9	-33,6
Desenvolvemento empresarial				
Empresas inscritas Seguridade Social (2)	1,0	0,5	2,0	1,1
Sociedades mercantis creadas (3)	14,2	-10,3	6,8	-6,6

(1) PIBpm (índices de volume encadenados), datos correxidos de efectos estacionais e de calendario, base 2010 (consulta: 01-03-2018); datos 2016 e 2017 son avances
(2) empresas inscritas no Réxime Xeral e no Réxime da Minería e do Carbón
(3) datos 2017 son provisionais
Fonte: IGE, INE e Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1.1.11.

PIB e emprego nas CC.AA. 2016-17

	PIB		PIB per cápita			Emprego 2017		
	2016	2017	2016	2017		Taxa Actividade	Taxa Ocupación	Taxa paro
	(%)		*(base España = 100)*		*(en euros)*			
Andalucía	2,8	2,7	73,9	73,9	18.470	57,3	42,7	25,5
Aragón	2,7	3,6	108,4	109,6	27.403	58,6	51,7	11,6
Asturias	1,8	3,5	86,6	88,2	22.046	50,9	43,9	13,7
Baleares	3,8	2,7	104,1	103,1	25.772	64,1	56,1	12,4
Canarias	3,0	2,9	82,3	81,7	20.425	60,3	46,2	23,5
Cantabria	2,4	3,2	89,6	90,1	22.513	55,8	48,2	13,6
Castela e León	3,6	1,9	94,4	94,2	23.555	54,8	47,1	14,1
Castela-A Mancha	3,5	2,5	78,3	78,7	19.681	58,9	46,7	20,8
Cataluña	3,6	3,3	119,7	119,7	29.936	61,7	53,5	13,4
C. Valenciana	3,5	3,2	88,2	88,2	22.055	59,1	48,4	18,2
Estremadura	2,3	2,4	68,8	69,1	17.262	54,8	40,4	26,2
Galicia	3,6	3,1	89,5	90,0	22.497	53,3	45,0	15,7
Madrid	3,6	3,4	136,3	135,2	33.809	62,9	54,5	13,3
Murcia	3,2	3,3	82,5	82,3	20.585	59,5	48,8	18,0
Navarra	3,1	2,8	124,6	123,7	30.914	59,1	53,1	10,2
País Vasco	2,9	3,1	132,0	132,4	33.088	56,1	49,8	11,3
A Rioxa	1,0	1,8	105,1	104,2	26.044	58,9	51,9	12,0
Ceuta	1,6	1,6	79,8	78,1	19.524	55,7	43,2	22,5
Melilla	1,7	1,7	73,0	71,8	17.945	59,7	43,2	27,7
Total	3,3	3,1	100,0	100,0	24.999	58,8	48,7	17,2

Fonte: INE, *Contabilidad Regional e EPA*

1.1.12.

Ranking das CC.AA. Segundo o Índice de competitividade rexional 2008-2016

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
1	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid	Madrid
2	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco
3	País Vasco	País Vasco	País Vasco	País Vasco	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra	Navarra
4	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña	Cataluña
5	Aragón	Aragón	Aragón	Aragón	A Rioxa	Aragón	Aragón	Asturias	Aragón
6	A Rioxa	A Rioxa	A Rioxa	A Rioxa	Aragón	A Rioxa	A Rioxa	Aragón	A Rioxa
7	Asturias	Castela e León	Castela e León	Castela e León	Cantabria	Asturias	Cantabria	A Rioxa	Castela e León
8	Castela e León	Asturias	Cantabria	Asturias	Asturias	Castela e León	Asturias	Cantabria	Cantabria
9	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Castela e León	Cantabria	Castela e León	Castela e León	Asturias
10	Cantabria	Cantabria	Asturias	Cantabria	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia	Galicia
11	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	Baleares	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana	C. Valenciana
12	Murcia	Baleares	Canarias	Murcia	Murcia	Baleares	Murcia	Murcia	Baleares
13	Baleares	Canarias	Murcia	Baleares	C. Valenciana	Murcia	Baleares	Baleares	Murcia
14	Castela-A Mancha	Murcia	Baleares	Canarias	Canarias	Canarias	Canarias	Castela-A Mancha	Canarias
15	Canarias	Castela-A Mancha	Estremadura	Andalucía	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Canarias	Castela-A Mancha
16	Estremadura	Andalucía	Castela-A Mancha	Castela-A Mancha	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía	Andalucía
17	Andalucía	Estremadura	Andalucía	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura	Estremadura

Fonte: CES de Murcia e Consejo General de Economistas, "*Índice de Competitividad Regional. Análisis dinámico de la competitividad regional en España en el período 2008- 2016*"

1.1.13.

ano anterior). Madrid e País Vasco son as CC.AA. con maior PIB por habitante (33.809 e 33.088 euros, respectivamente), mentres que no lado oposto sitúanse Estremadura (17.262 euros), a cidade autónoma de Melilla (17.795 euros) e Andalucía (18.470 euros).

En termos de volume, Galicia presenta no último ano un crecemento do 3,1%, porcentaxe similar á media española, sendo esta medra do 3,6% no ano anterior. No último ano Aragón e Asturias son as CC.AA. con maior crecemento, cun 3,6% e 3,5%, respectivamente, en tanto que as menores taxas de crecemento rexístranse en Ceuta e Melilla (1,6% e 1,7%, respectivamente), A Rioxa (1,8%) e Castela e León (1,9%).

No que atinxe ao emprego, os datos recollidos no **cadro 1.1.12.** reflicten que a taxa de actividade sitúase en España no 58,8% fronte aos 53,3% de Galicia, en tanto que as taxas de ocupación e paro sitúanse no 48,7% e 17,2%, respectivamente (45% e 15,7% en Galicia). Atendendo á situación nas distintas CC.AA., cómpre mencionar que Galicia atópase entre as CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas de España. En concreto, sitúase como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa de actividade máis reducida, tan só por diante de Asturias (50,9%), e a cuarta con menor taxa de ocupación tras Estremadura (40,4%), Andalucía (42,7%) e Asturias (43,9%), ademais de Ceuta e Melilla (43,2%).

Finalmente, cómpre facer referencia á evolución da competitividade rexional de Galicia en relación ao resto das CC.AA. Atendendo á evolución do Índice de Competitividade Rexional (ICREG) presentado polo CES de Murcia e o Consejo General de Economistas na súa publicación *"Índice de Competitividad Regional. Análisis dinámico de la competitividad regional en España en el período 2008- 2016"*, Madrid lidera o *ranking* das CC.AA. con maiores ICREG, seguida por País Vasco e Navarra. No extremo oposto situaríanse Estremadura e

Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: principais indicadores

			Eurorrexión	Galicia	Rexión Norte	UE-28
Superficie	*(en Km²)*		50.860,7	29.574,8	21.285,9	4.439.549,0
Poboación						
Poboación de dereito	*(miles de persoas)*	*01/01/17*	6.294,8	2.710,2	3.584,6	511.522,7
Densidade de poboación	*(habs. / km²)*	*01/01/17*	123,8	91,6	168,4	115,2
Mercado de traballo						
Poboación ocupada						
Sector primario			6,5	7,1	6,0	3,3
Industria	*(%)*	*2017*	22,9	16,3	27,1	17,2
Construción			6,8	6,3	7,1	6,7
Servizos			63,9	70,3	59,8	72,8
Desemprego (taxas paro)						
Total			12,5	15,8	10,2	7,8
Longo prazo (1)	*(%)*	*2017*	6,6	7,9	5,7	3,5
Feminino			13,0	16,4	10,7	7,9
Mozos (menores de 25 anos)			28,6	34,5	25,9	16,8
Produto interior bruto						
PIBpm	*(millóns de €)*	*2014*	104.757	53.981	50.776	14.044.690
		2015	109.066	56.326	52.740	14.714.029
		2016	112.911	58.449	54.462	14.907.852
PIB per cápita	*(%, UE-28=100)*	*2014*	59,2	70,9	50,3	100
		2015	59,3	71,2	50,3	100
		2016	61,1	73,6	51,7	100

(1) porcentaxe de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de EUROSTAT

1.1.14.

Andalucía. Como se amosa no **cadro 1.1.13.**, Galicia sitúase no noveno posto entre 2008 e 2011, e no décimo dende 2012 ata 2016.

Panorama económico da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ocupa unha superficie de 50.861 quilómetros cadrados e conta cunha poboación de 6.294.791 habitantes, case 29.100 menos que no ano anterior, o que implica unha densidade media de 123,2 habitantes por quilómetro cadrado. En relación á UE-28, a Eurorrexión representa o 1,1% da súa superficie, situándose o peso relativo da súa poboación no 1,2%.

En termos de PIB per cápita, a Eurorrexión continúa co se proceso de converxencia coa media comunitaria. Se se consideran os datos do PIB en millóns de euros correntes, o PIB por habitante da Eurorrexión representa o 61,1% dos 28 países da UE, 1,8 puntos máis que no ano anterior. Como se aprecia no **cadro 1.1.14.**, existe unha importante diferenza entre Galicia e o Norte de Portugal, acadando este indicador os 73,6 puntos en Galicia (UE-28 = 100) fronte aos 51,7 puntos na rexión portuguesa. Nos últimos tres anos mentres este indicador mellora en maior medida en Galicia que na rexión Norte de Portugal, sendo os incrementos en ambas rexións de 2,6 e 1,4 puntos.


No concernente ao emprego, os datos publicados en Eurostat amosan que a poboación activa en Galicia descende en 2017 ata as 1.234.200 persoas, situándose na rexión norte de Portugal en torno ás 1.757.800 persoas. A taxa de actividade das dúas zonas é do 52,2% e do 56,8%, respectivamente, porcentaxe que ascende a 54,8% no conxunto da Eurorrexión, 3,6 puntos inferior á media comunitaria (56,6%).

A ocupación na Eurorrexión ascendeu no ano 2017 a 2.706.700 de persoas (o 43% da poboación total), dos que o 63,9% dos traballadores estaban ocupados nas

ramas de actividade do sector servizos. O conxunto das ramas industriais abrangue o 22,9% das persoas traballadoras, mentres que o sector primario e a construción acollen o 6,5% e o 6,8%, respectivamente.

Con todo, cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Segundo os datos de Eurosstat, mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 70,3% das persoas ocupadas fronte ao 59,3% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case once puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 27,1% e o 16,3%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 7,1% da ocupación total en Galicia fronte ao 6% no norte de Portugal.

Galicia reduce a súa taxa de paro ata o 15,8%, situándose esta rateo por riba tanto á media europea como á rexistrada no Norte de Portugal. No último ano a taxa de paro acada no norte de Portugal o 10,2% e na Eurorrexión o 12,5%, porcentaxe moi superior á media europea, que no último ano descendeu ata o 7,8%. O desemprego dos menores de 25 anos resulta especialmente preocupante en Galicia, onde a taxa de paro rexistra o 34,5%, fronte ao 25,9% no norte de Portugal e o 28,6% na Eurorrexión (16,8% na UE-28). ❑


1

1.2. Indicadores macroeconómicos de Galicia

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a economía galega continúa coa súa tendencia positiva ao encadear nove trimestres consecutivos con crecementos iguais ou superiores ao 3%. Para o conxunto do ano 2017, a taxa de variación interanual acumulada do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado mantense no 3,1% estimado para o ano anterior, sendo esta porcentaxe similar á rexistrada no conxunto do Estado e superior ao estimado para a Unión Europea (2,4%) e a zona euro (2,3%).


Atendendo á súa evolución trimestral, os datos das contas económicas reflicten que o PIB galego presenta un crecemento superior á media española no segundo trimestre de 2017, sendo este dinamismo similar nos outros tres trimestres do ano.

No segundo trimestre do ano, a economía galega supera o nivel de PIB real previo á crise económica (base 2T 2008 = 100 por ser o trimestre cando se acada o PIB máis elevado da serie), feito que xa sucedera no segundo trimestre do ano anterior se se considera o PIB en termos nominais. Por contra, a ocupación en Galicia, medida en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo, sitúase aínda por baixo do nivel precrise, representando no cuarto trimestre de 2017 o 84% do emprego existente no devandito trimestre de 2008.

A economía galega segue a presentar un crecemento equilibrado, con achegas positivas á medra agregada do PIB tanto da demanda interna (1,7 puntos) como externa (1,4 puntos), manténdose a demanda interna como o principal motor de crecemento. Dende a óptica da demanda, o investimento sitúase como a variable máis dinámica no último ano ao presentar un incremento de 3,2%, por diante do gasto público (2,1%) e do gasto en consumo final dos fogares (1,3%). Atendendo á evolución sectorial, cómpre mencionar que por segundo ano consecutivo todas as ramas de actividades presentan taxas de variación interanuais positivas. Destaca o impulso da industria manufactureira, que presenta unha medra do 4,2% no conxunto do ano, e que no cuarto trimestre de 2017 sitúase como a actividade con maior dinamismo cun 6% respecto ao mesmo período do ano anterior.

No concernente á distribución das rendas, a remune-

PIB en Galicia e España 2014-17 (1)(2): evolución da taxa de variación interanual



(1) PIBpm, índices de volume encadenados; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2018)
(2) Os datos de 2014 e 2015 son provisionais. Os datos dos anos 2016 e 2017 son avance
Fonte: INE, *Contabilidad regional de España. Base 2010* e IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008*

1.2.1.

ración de asalariados mantén o incremento iniciado en 2015 tras cinco anos de descensos. En 2017 a remuneración dos asalariados medrou un 3,2% respecto ao ano anterior, sendo este incremento do 5% no caso do excedente bruto de explotación/renda mixta (EBE). Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda sitúase no 42,7%, a porcentaxe máis baixa dende o comezo da serie estatística (1995), en tanto que o peso relativo do EBE sitúase no 47,3%, o máis elevado da serie. O restante 10% corresponde aos impostos netos sobre produción e importacións.

A devandita evolución da actividade económica reflíctese no mercado de traballo que presenta tanto un incremento do volume total da ocupación, xa se mida en termos de poboación ocupada, afiliacións ou postos de traballo equivalentes a tempo completo, como un descenso do desemprego estimado pola EPA e o rexistrado no Servizo público de emprego.


Con todo, este dinamismo continúa sen frear a caída poboacional e nomeadamente, a redución da poboación potencialmente activa (16-64 anos), especialmente significativa no caso dos activos con idades comprendidas entre 25 e 34 anos.

A produtividade aparente do factor traballo en Galicia, tanto se se mide en relación ao número de postos de traballo a tempo completo como ao número de horas traballadas, segue sendo inferior á media estatal, salientando non obstante unha converxencia coa produtividade en España. Asemade, cómpre mencionar que a industria manufactureira non só presenta unha produtividade moi inferior á media española, manténdose no último ano por baixo do 80% da produtividade española, senón tamén por baixo do estimado ao comezo da crise económica en 2008.

Análise do PIB

Segundo os datos das *Contas económicas trimestrais de Galicia*, a economía galega encadeou nove trimestres consecutivos con taxas de crecemento interanual iguais ou superiores ao 3%, estimándose no cuarto trimestre do ano unha medra do 3,1%. Como se reflicte no **cadro 1.2.1.**, a economía da Comunidade Autónoma

PIB, achega da demanda interna e sector exterior 2007-17



(1) PIBpm; datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2018)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.2.

de Galicia presenta un comportamento similar ou lixeiramente superior ao do conxunto do Estado a partir do terceiro trimestre de 2016. Para o conxunto do ano 2017 o PIB de Galicia medrou un 3,1% en termos reais, porcentaxe similar á estimada no ano anterior.

Con todo, os datos intertrimestrais amosan unha certa ralentización no ritmo de crecemento na segunda metade do ano. No segundo trimestre do ano a taxa de variación intertrimestral do PIB galego foi do 0,9%, situándose no terceiro e cuarto trimestre do ano no 0,8% e 0,7%, respectivamente.

A análise polo lado da demanda reflicte que o principal motor de crecemento da economía galega segue sendo a demanda interna, cunha achega de 1,7 puntos ao crecemento agregado do PIB, en tanto que o sector exterior contribúe positivamente con 1,4 puntos en 2017. Ao igual que en Galicia, no conxunto do Estado tanto a demanda interna como externa tamén contribúen positivamente ao crecemento agregado do PIB, se ben esta achega é moito máis equilibrada no caso galego. En España, a demanda interna aporta 2,8 puntos ao crecemento do PIB e a externa tan só tres décimas.

No que aos compoñentes da demanda interna se refire, cómpre destacar o crecemento do investimento, medido pola formación bruta de capital, que se sitúa como a variable máis dinámica en 2017 ao presentar unha taxa de variación interanual de 3,2% fronte ao 0,6% do ano anterior. Como se observa no **cadro 1.2.2.**, o perfil trimestral do investimento caracterízase por unha aceleración paulatina no seu incremento dende o terceiro trimestre de 2016, rematando o segundo semestre de 2017 con taxas superiores ao 4%. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o crecemento da FBC en España volve a presentar unha maior intensidade, acadando unha taxa interanual do 5% (esta porcentaxe ascende a 5,6% no segundo semestre do ano).

En relación ao investimento en bens de equipo, é dicir, os utilizados como medios de produción no proceso produtivo de bens e servizos, os datos de variación media anual do índice de produción industrial reflicten unha medra do 3,8% no ano 2017 (2,5% en España) cando no ano anterior presentaba unha contracción do 0,6% (medra un 3,1% en España). De xeito similar, as importacións de bens de equipamento, tras unha caída superior ao 11% rexistrada en 2016, experimenta unha

PIB 2016-17: distribución segundo as súas compoñentes (1)

	2016	2017	2016				2017			
			trimestres							
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
			(taxas de variación interanual)							
Gasto en consumo final	2,1	1,5	2,2	2,6	2,4	1,0	1,6	1,0	1,7	1,7
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,0	1,3	2,3	2,1	2,1	1,5	0,7	1,2	1,3	1,9
Gasto en consumo final das AA.PP.	2,2	2,1	2,0	4,0	3,4	-0,7	4,2	0,3	2,7	1,1
Formación bruta de capital fixo	0,6	3,2	0,4	0,2	0,6	1,3	2,1	2,5	4,0	4,2
Exportacións de bens e servizos	5,5	4,8	3,3	4,9	5,8	8,0	6,3	6,3	1,1	5,5
Importacións de bens e servizos	3,1	2,3	1,1	3,6	3,7	4,1	3,9	2,6	-0,9	3,7
PIB a prezos de mercado	3,1	3,1	3,1	3,0	3,3	3,1	3,0	3,2	3,1	3,1
VEB. Ramas agraria e pesqueira	1,1	1,7	-2,1	1,3	2,3	2,7	3,4	1,2	1,3	0,8
VEB. Ramas industriais	2,4	1,7	4,3	1,5	1,9	1,9	-2,0	2,6	2,2	4,1
VEB. Industria manufactureira	3,5	4,2	5,9	1,9	3,7	2,4	0,9	5,5	4,4	6,0
VEB. Construción	1,6	3,5	0,5	1,5	2,2	2,1	4,2	2,9	3,3	3,7
VEB. Ramas dos servizos	3,5	3,3	3,3	3,4	3,7	3,5	4,0	3,4	3,2	2,7
Impostos netos sobre os produtos	3,8	4,0	4,5	3,8	3,9	3,1	3,4	4,1	3,9	4,4

(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2018)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.3.

medra do 2,2% respecto ao ano anterior (8,9% no conxunto do Estado).

No ano 2017 o gasto en consumo final, tanto no caso das administracións públicas como dos fogares, presenta unha ralentización no seu crecemento. Ao longo do ano 2017 o gasto en consumo final en Galicia aumenta un 1,5%, seis décimas menos que no ano anterior, presentando a economía española un maior dinamismo (2,2%) por mor do mellor comportamento do consumo privado.

Dunha banda, o consumo das administracións públicas medra un 2,1%, unha décima menos que a estimada para o ano anterior, sendo esta medra superior á rexistrada no conxunto do Estado (1,6%).

Se se considera a licitación oficial pública como indicador do gasto en consumo das Administracións Públicas, no ano 2017 a devandita licitación segundo data de anuncio rexistrou en Galicia un descenso do 32,3% en relación ao ano anterior (medrara case un 11% en 2016), por mor da contracción experimentada pola licitación da Administración Xeral do Estado, cunha caída do 64,4%. Por contra, o importe da licitación pública da Administración Autonómica increméntase un 17,7% e nun 7,6% no caso da Administración local.

Doutra banda, as *Contas trimestrais* amosan que o consumo privado presenta en Galicia unha taxa de variación interanual do 1,3%, case a metade do rexistrado en España (2,4%), cando no ano anterior esta porcentaxe ascendía ata o 2%. Outros indicadores que mostran a ralentización no crecemento do consumo das familias son o índice de vendas do comercio polo miúdo, que medra un 1,7% respecto ao ano anterior (prezos constantes), dous puntos menos que no ano anterior, ou as importacións de bens de consumo, que se reducen un 13,1% respecto ao ano 2016 (medra un 5% no conxunto do Estado).

O consumidor galego ten unha percepción menos pesimista atendendo á evolución do indicador de confianza. Este indicador toma valores entre –100 e 100, correspondendo os valores entre 0 e 100 con percepcións favorables e entre 0 e –100 con percepcións desfavorables, tanto máis pesimistas ou optimistas canto máis se aproximen aos valores extremos. O **cadro 1.2.5.** amosa que no ano 2017 este indicador acada un valor

PIB en Galicia 2016-17: distribución segundo as súas compoñentes



Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.4.

negativo de –8,6 puntos, cando no ano precedente era de –16,1 puntos. Asemade, a pesar de ter valores lixeiramente negativos, mellora a percepción da situación da economía galega e a percepción da situación financeira persoal, que se sitúan en –2,0 e –3,4 puntos, respectivamente (–12,2 e –7,1 no ano anterior, respectivamente).

No que respecta á demanda externa, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a devandita achega positiva ven motivada por un maior incremento das exportacións que das importacións, sendo este ritmo de crecemento inferior ao da economía española no último ano. Dunha banda, ralentízase o ritmo de crecemento das exportacións galegas de bens e servizos, que medran a unha taxa interanual do 4,8% en relación ao ano anterior, así como o das importacións, que presentan un incremento de 2,3%. Doutra banda, no conxunto do Estado mellora o crecemento tanto das exportacións como das importacións, situándose as taxas de variación interanuais no 5% e 4,7%, respectivamente.

En termos monetarios, as vendas fóra de Galicia ascenden a 32.300,5 millóns de euros no último ano, en tanto que as importacións acadan un valor de 29.845,7 millóns de euros. Deste xeito, a balanza comercial ga-

Consumo e investimento en Galicia e España 2016-17: principais indicadores

		Galicia		España	
		2016	2017	2016	2017
		(taxas de variación interanual)			
Consumo					
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos correntes)*	2,2	4,1	2,1	3,5
Índice de vendas do comercio polo miúdo	*(prezos constantes)*	3,7	1,7	3,7	1,2
Produción de bens de consumo		4,1	1,8	1,6	2,6
Produción de bens de consumo duradeiro		19,8	4,7	0,9	5,5
Produción de bens de consumo non duradeiro		4,7	4,2	1,7	0,3
Importación de bens de consumo		9,4	-13,1	6,8	5,0
Ocupación hoteleira		12,6	7,5	8,7	2,2
Gasto de Administracións Públicas		2,2	2,1	0,8	1,6
Investimento					
Produción de bens de equipo *(índice de producción industrial)*		-0,6	3,8	3,1	2,5
Importacións de bens de equipo		-11,2	2,2	6,0	8,9
Licitación pública					
Total		11,1	-32,3	1,7	39,3
Administración Xeral do Estado		15,4	-64,4	-22,7	21,6
Administración autonómica		-1,8	17,7	13,5	38,5
Administracións local		13,9	7,6	28,9	57,0
Expectativas do consumidor (1)					
Indicador de confianza do consumidor		-16,1	-8,6		
Situación financeira persoal		-7,1	-3,4		
Situación económica de Galicia	*(saldo medio das respostas)*	-12,2	-2,0		
Capacidade de aforro		-35,0	-25,5		
Desemprego		-9,9	-3,4		

(1) presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

1.2.5.

lega mantén por cuarto ano consecutivo un saldo positivo, acadando os 2.454,8 millóns de euros.


A información proporcionada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria indica que o valor total das exportacións declaradas, excluído o resto do territorio español, ascendeu no ano 2017 ata os 21.676,3 millóns de euros (8,2% máis que no ano anterior), consecuencia tanto das expedicións galegas a países comunitarios (7,9%) como das vendas ao resto dos países (9%). O valor total das importacións/introducións acadou os 17.140,8 millóns de euros, un 10% máis que no ano anterior, estando este incremento influenciado tanto pola evolución das compras a países da UE (4,7% máis que no ano anterior) como polas procedentes de terceiros países (17,8%).

Atendendo á natureza dos bens, o 58,1% do valor total das exportacións corresponden a bens de consumo fronte ao 31,6% dos bens intermedios e un 10,3% aos bens de capital. No conxunto do Estado predomina o comercio de bens intermedios, ao representar máis da metade do valor das exportacións (53,1%) fronte ao 38,2% no caso dos bens de consumo. Pola contra, tanto en Galicia como en España as importacións concéntranse nos bens intermedios, que representan o 62,2% e 63,3% do valor total das compras exteriores, fronte aos 34,1% das importacións de bens de consumo en Galicia e o 28,2% en España.

• Agregados da oferta

Por segundo ano consecutivo todas as ramas de actividades presentan taxas de crecemento interanuais positivas. A nivel agregado, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento da industria manufactureira, que se sitúa como o sector de maior crecemento cunha taxa de variación interanual do 4,2%, sete décimas por riba do estimado no ano anterior.

Estrutura produtiva de Galicia 2008, 2014 e 2017



1.2.6.

Ao igual que a industria manufactureira, o sector primario e a construción presentan taxas de variación superiores ás estimadas en 2016. Dunha banda, o sector da construción presenta no último ano unha forte aceleración no seu crecemento ao estimarse unha medra do 3,5% fronte ao 1,6% do ano anterior. Doutra banda, o veb xerado polas ramas agrarias e pesqueiras no seu conxunto aumenta en 2017 un 1,7%, seis décimas máis que o estimado no ano anterior.

Por contra, o sector servizos, influenciado pola evolución da actividade de comercio, transporte e hostalería, presenta unha certa desaceleración no seu ritmo de crecemento ao medrar un 3,3% no último ano fronte ao 3,5% de 2016. A análise da evolución trimestral ao longo de todo o ano amosa a devandita ralentización, rexistrándose unha medra interanual do 4% no primeiro trimestre e do 2,7% no último trimestre do ano.


En comparación co que acontece no conxunto do Estado, o subsector da industria manufactureira e o sector servizos presentan en Galicia un mellor comportamento que a media estatal (3,8% e 2,6% en España). O sector primario presenta un diferencial de dous puntos porcentuais, medrando o veb xerado polo sector no conxunto do Estado un 3,7% respecto ao ano anterior, sendo este diferencial de 1,4 puntos no caso da construción (4,9% en España).

No concernente á estrutura produtiva da economía galega, no ano 2017 o 26,6% do VEB xerado en Galicia corresponden ás actividades de comercio, transporte e hostalería, situándose a continuación o subsector de administracións públicas, sanidade e educación, cun 18,7%, e a industria manufactureira, cun 13,9%. O sector da construción achega o 6,7% do VEB galego e as actividades do sector primario, un 5,2% do total.

Do **cadro 1.2.6.** despréndese que dende o comezo da recuperación económica en 2014 continúa o incremento do peso relativo do sector servizos (1,3 puntos porcentuais), influenciado especialmente polo comportamento do comercio, transporte e hostalería (2,7 puntos máis que en 2014). A industria manufactureira

Asignación funcional da renda 2008-17(1)

	Remuneración dos asalariados (2)	Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta (3)	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado
		(en millóns de euros)		
2008	27.388,4	26.263,4	4.727,5	58.379,3
2009	27.291,2	24.912,9	4.630,9	56.835,0
2010	26.746,8	25.142,9	5.162,8	57.052,5
2011	26.284,4	24.945,9	5.070,8	56.301,1
2012	24.711,3	24.491,1	5.198,9	54.401,3
2013	24.425,4	24.901,3	5.340,4	54.667,1
2014	24.326,5	25.489,9	5.459,4	55.275,8
2015	24.805,7	26.334,5	5.690,7	56.830,9
2016	25.331,6	27.541,4	5.867,5	58.740,6
2017	26.134,1	28.916,4	6.090,2	61.140,7



(1) PIBpm (prezos correntes); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 08-06-2018)

(2) Remuneración de asalariados: remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagrégase en: soldos e salarios e cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

(3) Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta: corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta. Este agregado contén un elemento que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou por membros da súa familia e que non pode distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010*

1.2.7.


presenta unha importancia relativa lixeiramente superior (tres décimas), manténdose constante o peso relativo da construción. Por contra, se a comparación se fai coa estrutura produtiva existente antes da crise económica, cómpre destacar unha medra importante do peso relativo das actividades de comercio, transporte e hostalería (22,5% en 2008), a diferenza do que acontece en sectores como a construción, que presenta unha forte caída (12,1% en 2008), ou a industria manufactureira, que supuña case o 16% do VEB galego.

• Distribución da renda

Os datos da remuneración de asalariados recollidos no cadro macroeconómico reflicten que no ano 2017 mantense o incremento iniciado no ano 2015 tras 5 anos consecutivos de caídas (dende 2009 a 2014). Ao longo de 2017 a remuneración salarial experimenta unha medra do 3,2%, 1,1 puntos máis que no ano anterior, sendo a taxa de variación interanual da actividade produtiva medida en termos de PIB nominal prezos correntes do 4,1%. Por contra, o excedente de explotación

Produtividade aparente do traballo, remuneración por asalariado e custo laboral unitario en Galicia e España 2008-17

(2008 = 100)



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INE

1.2.8.

bruto/renda mixta bruta (EBE) aumenta un 5% en relación ao ano anterior (4,6% en 2016). Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda continúa descendendo en 2017, situándose no 42,7%, a porcentaxe máis baixa dende o comezo da serie estatística (1995), en tanto que o peso relativo do EBE aumenta ata o 47,3%, o máis elevado da serie.

No que respecta á evolución da distribución da renda no período 2008-2017, a participación dos asalariados na renda diminúe en 4,2 puntos porcentuais, pasando do 46,0% no ano 2008 ata o devandito 42,7% do último ano. Pola contra, o peso dos impostos netos sobre a produción e as importacións aumentan en case dous puntos (10 % do PIB en 2017) e en 2,3 puntos no caso do EBE, pasando do 45% aos 47,3% en 2016. Cómpre resaltar que por quinto ano consecutivo o peso relativo das remuneracións salariais sobre o PIB é inferior ao dos excedentes de explotación (**cadro 1.2.6.**).

A evolución da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego, medido en termos do número de postos de traballo, mostra que en 2017 os 948.318 asalariados existentes en Galicia segundo os datos das Contas económicas trimestrais (828.084 asalariados equivalentes a tempo completo) representaban o 84,1% do total, distribúense o 42,7% da renda.

A análise da distribución da renda pode facerse tamén a través da evolución do custo laboral unitario real (CLUR), expresado pola porcentaxe do produto por asalariado (produtividade aparente) que se dedica a retri-

buír o traballo (remuneración media por asalariado). Contablemente, o peso da remuneración de asalariados no PIB é igual ao CLUR multiplicado pola taxa de asalarización. Como se observa no **cadro 1.2.8.**, o CLUR mantense relativamente constante en Galicia a diferenza do que acontece no conxunto do Estado que medra paulatinamente dende o ano 2014.

Á hora de estudar a evolución do CLUR débese ter en conta que o incremento da remuneración de asalariados no último ano é máis intensa no conxunto do Estado (3,2%) que en Galicia (2,2%) e, por outra banda, o crecemento da produtividade aparente prodúcese en Galicia por un incremento do PIB superior ao experimentado polo emprego asalariado (4% e 1,9%, respectivamente).

Mercado de traballo

Tal como se analiza con máis detemento no capítulo 2 desta Memoria, a recuperación da actividade económica trasládase directamente ao mercado de traballo, quen experimenta un incremento da ocupación e unha redución do desemprego. Dunha banda, as contas económicas indican que o emprego, medido no número de postos de traballo equivalentes a xornada completa, medra en 2017 un 1,8% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe do 2,1% no caso das afiliacións e do 1,2% no da poboación ocupada estimada pola EPA. Doutra banda, no que á redución do desemprego se refire, o descenso da poboación parada estimada pola EPA foi do 9,2% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe do 8,5% no caso das persoas rexistradas no Servizo público de emprego.

Non obstante, o devandito crecemento da actividade económica en 2017 (3,1% respectivo ao ano anterior) non foi quen de frear o descenso da poboación activa (0,6%), sendo esta redución especialmente significativa no caso da poboación de 25 a 34 anos (-6,4%). A taxa de actividade, que mide a relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos, continúa descendendo en Galicia e en 2017 sitúase en 53,3%, dúas décimas menos que no ano anterior. Asemade, a recuperación favorece o incremento da taxa de ocupación, que se sitúa no 45%, sete décimas máis que en 2016.

A mellora da ocupación e a caída da poboación activa favorecen o descenso da taxa de desemprego que se sitúa no 15,7% (17,1% en 2016), punto e medio porcentual inferior á media estatal. Esta taxa de paro é a máis reducida dende o ano 2010, cando se acadara o 15,3%. Por último, cómpre facer referencia á produtividade aparente do traballo, medida ben como o cociente entre o PIB (prezos correntes) e o emprego equivalente a tempo completo, ou ben como a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Segundo os datos recollidos nas contas trimestrais, ambos os dous indicadores presentan unha evolución positiva, se ben están por baixo da media española (92,1% e 88,9% da produtividade española, respectivamente).

Atendendo á distribución sectorial, cómpre resaltar en primeiro lugar a baixa produtividade da industria manufactureira en comparación co acontecido no conxunto da economía española, tendo en conta que os dous indicadores seleccionados reflicten que a PFT sitúase por baixo do 80% do valor español dende o comezo da recuperación económica.


Asemade, cómpre mencionar que dende o comezo da recuperación económica aumenta a importancia relativa da produtividade do sector da construción e os servizos en comparación coa media española. Dunha banda, a PFT medida en termos de PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo na construción representa o 91,4% do valor estatal en 2017 fronte ao 86,8% no ano 2014. Doutra, a PFT do sector servizos en Galicia representa o 98,6% do total español fronte ao 92,9% en 2014. Por contra, o sector primario presenta un descenso acusado, pasando do 107,3% en 2014 ata o 98,9% no último ano.

Inflación

O índice xeral de prezos ao consumo (IPC) mantén ao longo de todo o ano 2017 as taxas de variación interanuais positivas iniciadas no mes de setembro do ano anterior. O IPC rexistra en decembro un incremento dos prezos do 1,2% en relación ao mesmo mes do ano anterior, unha décima superior ao do conxunto do Estado. Se se considera o IPC harmonizado (IPCH), que permite realizar comparacións internacionais e examinar o cum-

IPC en Galicia e España 2016-17 (1)

(taxas de variación interanual)



Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2.9.

primento do Tratado de Maastricht, os prezos aumentaron en España un 1,2% (no ano anterior medraran un 1,4%) en tanto que nos países da UE-28 a taxa interanual a decembro foi do 1,7%.

A nivel provincial, as catro provincias galegas rexistran novamente variacións interanuais positivas do IPC no mes de decembro. Ao igual que en 2016, as provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra presentan a mesma taxa de variación, cunha medra do 1,2% cando no mesmo período do ano anterior medrara un 1,6%. Doutra banda, Ourense sitúase como a provincia con menor crecemento dos prezos, cun 0,9%, cando no mes de decembro do ano anterior presentaba a taxa máis elevada, cun 1,7%.

Os incrementos de prezos máis acusados rexístranse, tanto en Galicia como en España, nos grupos de transporte e "hoteis, cafés e restaurantes". No conxunto do Estado a medra foi de 1,9% en ambos os dous casos, en tanto que en Galicia os incrementos foron do 2,4% nos transportes e do 2,1% no caso dos "hoteis, cafés e restaurantes". Por contra, segundo se amosa no **cadro 1.2.10.**, os prezos redúcense tan só nos grupos

IPC en Galicia e España 2016-17: distribución segundo grupos (1)

	2016		2017	
	Galicia	España	Galicia	España
	(taxas de variación interanual)			
Xeral	1,6	1,6	1,2	1,1
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1,0	0,8	1,4	1,7
Bebidas alcohólicas e tabaco	0,9	0,9	1,8	1,7
Vestido e calzado	0,8	0,9	0,4	0,5
Vivenda	0,8	0,8	1,7	1,3
Enxoval	-0,5	0,0	-0,1	-0,5
Medicina	1,4	-0,1	0,3	0,4
Transporte	4,7	4,7	2,4	1,9
Comunicacións	3,3	3,3	0,2	0,2
Ocio e cultura	0,2	0,5	-0,6	-0,6
Ensino	1,6	0,9	1,0	0,7
Hoteis, cafés e restaurantes	1,3	1,4	2,1	1,9
Outros bens e servizos	1,6	1,9	0,0	0,7

(1) datos no mes de decembro de cada ano

Fonte: INE, *Indice de precios de consumo*

1.2. 10.

Índice de prezos industriais nas CC.AA. 2017 (1): distribución segundo destino económico dos bens

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Enerxía
				(taxas de variación interanual)			
Andalucía	3,6	2,1	-0,7	2,3	0,2	4,2	5,7
Aragón	2,2	0,6	1,1	0,3	1,2	5,2	-1,3
Asturias	3,1	1,2	-0,1	1,3	1,8	8,9	-1,6
Baleares	0,6	3,7	1,2	4,0	-0,2	1,2	-0,7
Canarias	1,1	2,1	1,0	2,1	-0,1	0,7	0,9
Cantabria	0,9	-1,6	-9,8	0,6	2,3	4,0	-1,2
Castela e León	1,5	1,3	1,0	1,4	0,0	2,6	-0,9
Castela-A Mancha	2,6	2,3	1,5	2,3	0,0	1,8	4,7
Cataluña	1,5	0,8	1,0	0,7	1,1	2,7	1,2
C. Valenciana	1,6	1,2	0,8	1,2	0,5	2,5	0,9
Estremadura	3,6	1,0	-1,5	1,2	2,0	9,1	-2,4
Galicia	3,0	2,1	0,6	2,2	1,4	4,3	4,2
Madrid	-0,3	0,7	0,8	0,7	0,2	2,8	-2,0
Murcia	0,5	-1,5	0,9	-1,8	3,0	0,2	2,8
Navarra	0,3	1,5	-4,6	2,2	-0,8	0,4	-0,4
País Vasco	2,6	0,3	1,1	0,1	1,4	4,6	1,5
A Rioxa	1,5	1,5	0,7	1,6	-0,1	1,6	1,5
Total	1,8	1,1	0,2	1,2	0,8	3,3	1,2

(1) datos no mes de decembro

Fonte: INE, *Índice de precios industriales*

1.2. 11.

Distribución do orzamento 2018 por eixes do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020

	Importe (millóns de euros)	% total
E.1.- Empregabilidade e crecemento intelixente.	3.047,8	32,1
E.2.- Benestar das persoas e as familias e cohesión social.	4.820,4	50,7
E.3.- Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes.	973,7	10,2
E.4.- Sociedade dixital, lingua, cultura¡ e reforzo do peso de Galicia no seu entorno.	500,6	5,3
E.5.- Administración moderna, eficiente e de calidade.	159,4	1,7
Total (1)	9.501,8	100

(1) Non se inclúe os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911 A)
Fonte:Consellería de Facenda. Orzamentos

1.2.12.

ocio e cultura, cunha caída interanual do 0,6% en Galicia e España, e no de enxoval, cun descenso do 0,1% na Comunidade autónoma e do 0,5% no conxunto do Estado.

Atendendo á súa distribución segundo produtos, os que presentan o maior incremento interanual no mes de decembro son os prezos do aceite e graxas, cun 8,6%, por diante das froitas frescas, cunha medra do 4,9%, e da carne de porcino, cun 4,1%. Por outra banda, os descensos máis acusados rexístranse no caso das patacas e os seus derivados, cunha caída do 15,5% (no ano anterior situábase como a rúbrica cun maior incremento, cun 16,9%), seguido polo sucre e os artigos non duradeiros para fogar, cunha redución do 4,7% e 4,0%, respectivamente.

A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) aumentou ao longo de todo o ano 2017 tanto en Galicia como no conxunto do Estado, rematando o ano cunha medra interanual do 0,8% en ambos os dous casos.

No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.2.11.** amosa que en Galicia a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPRI) no mes de decembro rexistrou unha medra do 3%,unha décima máis que no ano anterior (1,8% no conxunto do Estado). En Galicia este incremento ven influenciado, fundamentalmente, polo impacto da evolución experimentada no caso dos bens intermedios e dos produtos enerxéticos, con incrementos superiores ao 4%. Asemade, os bens de consumo non duradeiro presentan unha taxa de variación positiva do 2,2% fronte ao 1,4% no caso dos bens de equipo e do 0,6% no dos bens de consumo duradeiro.

Marco orzamentario

Os Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2018, aprobados pola Lei 8/2017, de 26 de decembro, encádranse no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, cuxo obxectivo final é a xeración de emprego a través dun modelo de crecemento máis intensivo en innovación e coñecemento básico. En termos do devandito Plan, o orzamento ascende a 9.501 millóns de euros (non se inclúen os gastos derivados da débeda pública), dos que o 50,7% corresponden ao Eixe de "benestar das persoas e as familias e cohesión social", e un 32,2% ao de "empregabilidade e crecemento intelixente" (**cadro 1.2.12.)**.

Por segundo ano consecutivo o marco orzamentario para o ano 2018 enfróntase a unha situación de incerteza derivada do feito de que aínda non estaban aprobados os orzamentos do Estado para ese ano no momento no que se aprobaron os galegos. Non obstante, o Consejo de Política Fiscal y Financiera informou en xuño de 2017 que o obxectivo de estabilidade orzamentaria, medido como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, era do –0,3% do PIB para 2018 e de equilibrio para os dous anos seguinte (posteriormente, en xullo de 2017, aumentouse este límite ata o –0,4% no ano 2018 e -0,1% en 2019). O escenario macroeconómico para a Comunidade Autónoma prevé unha ralentización do seu crecemento, que se sitúa no 2,5%, seis décimas menos que no ano anterior, sustentado por unha maior achega da de-

Orzamentos da C.A. 2017-18: conta financeira homoxeneizada (1)

	2017	2018	18/17	
	(en miles de €)			*(%)*
Operacións correntes				
Ingresos	8.353.617	8.723.816	370.197	4,4
Imposto directos	2.335.031	2.275.288	-59.743	-2,6
Impostos indirectos	3.323.668	3.456.205	132.537	4,0
Taxas, prezos públicos e outros ingresos	168.766	168.557	-209	-0,1
Transferencias correntes	2.517.225	2.815.373	298.148	11,8
Ingresos patrimoniais	8.928	8.392	-536	-6,0
Gastos	7.711.583	7.878.278	166.695	2,2
Gastos de persoal	3.681.082	3.762.261	81.179	2,2
Gastos correntes de bens e servizos	1.634.464	1.724.235	89.771	5,5
Gastos financeiros	234.748	169.720	-65.028	-27,7
Transferencias correntes	2.161.289	2.222.062	60.773	2,8
Aforro bruto	642.034	845.538	203.504	31,7
Operacións da capital				
Ingresos	568.109	570.117	2.008	0,4
Alleamento de investimentos reais	7.070	10.654	3.584	50,7
Transferencias de capital	561.039	559.463	-1.576	-0,3
Gastos	1.472.559	1.569.812	97.253	6,6
Investimentos reais	841.240	881.489	40.249	4,8
Transferencias de capital	631.320	688.324	57.004	9,0
Formación de capital	904.451	999.695	95.244	10,5
Fondo de continxencia	37.457	39.043	1.586	4,2
Necesidade de Financiamento	-299.874	-193.200	106.674	-35,6
Operacións financeiras				
Atencións	1.760.629	1.236.840	-523.788	-29,8
Activos financeiros	152.450	161.089	8.639	5,7
Pasivos financeiros	1.608.179	1.075.752	-532.427	-33,1
Recursos	2.060.501	1.430.040	-630.462	-30,6
Activos financeiros	29.837	42.980	13.143	44,0
Endebedamento bruto	2.030.665	1.387.060	-643.605	-31,7
Necesidade de Financiamento	-299.872	-193.200	106.672	-35,6

(1) Orzamentos definitivos 2018

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.13.

manda interna ao crecemento agregado do PIB (1,9 puntos porcentuais) estimándose esta contribución en seis décimas no caso da demanda externa.

Ao abeiro da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, acordouse un límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da C.A. para o exercicio 2018 de 9.487 millóns de euros (9.063 millóns no exercicio anterior). O gasto non financeiro consolidado sitúase en 9.448,1 millóns de euros, cifra que se axusta ao devandito teito de gasto e supera á contía do ano anterior en case 265 millóns de euros.

En termos consolidados, o orzamento da Xunta de Galicia para o exercicio 2018, despois de deducir 4.499,4 millóns de euros de transferencias internas e gastos por encomendas, ascende a 10.724 millóns de euros, o que significa unha redución do 2,4% respecto ao orzamento modificado e homoxeneizado do ano precedente.

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos. Esa situación de equilibrio acádase mediante a interre-

lación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, **cadro 1.2.13.**, que a través de diversos saldos facilitan información básica sobre o alcance e composición dos orzamentos.

A conta financeira homoxeneizada para os anos 2017 e 2018 reflicte que os ingresos non financeiros volven a aumentar no orzamento do último ano para situarse en 9.293,9 millóns de euros, o que supón un incremento de 372,2 millóns de euros respecto ao exercicio de 2017 (4,2%) Ao igual que nos orzamentos do ano precedente, aumentan tanto os ingresos correntes como os de capital.

Dunha banda, os presupostos para 2018 prevén un incremento dos ingresos correntes de 4,4% en relación ao ano anterior, acadando os 8.723,8 millóns de euros, 370,2 millóns máis que en 2017, o que representa o 93,9% dos ingresos non financeiros. Como reflicte o devandito **cadro 1.2.13.**, os impostos indirectos representan o 39,6% dos ingresos correntes (3.456,2 millóns de euros), por diante das transferencias correntes, co 32,3% (2.815,4 millóns) e da imposición directa, co 26,1% (2.275,3 millóns de euros).

O devandito incremento prodúcese pola evolución experimentada polas transferencias correntes e os impostos indirectos, cun incremento de 298,1 millóns de euros e 132,5 millóns, respectivamente. Por contra, redúcese a recadación dos impostos directos, con 59,7 millóns de euros (–2,6%), dos ingresos patrimoniais, con 0,5 millóns de euros menos (–6%) e das taxas, con 0,2 millóns menos (–0,1%).

Os ingresos por operacións de capital aumentan un 0,4% (2 millóns de euros) para situarse nos 570,1 millóns de euros. Esta medra ven motivado pola subida da recadación que se espera do alleamento de investi mentos reais.

No concernente aos ingresos financeiros, os orzamentos para o exercicio de 2018 indican que estes descenderán ata os 1.430 millóns de euros. En relación ao anterior, os orzamentos recollen que o diferencial entre os dous anos considerados situaríase preto dos 630,5 millóns de euros, o que supón un descenso homoxéneo do 30,6%. Este descenso é consecuencia, además do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da reducción do ritmo de amortización da débeda con arranxo os calendarios de vencementos previstos para 2018.

Os gastos non financeiros presentan unha evolución positiva do 2,9% (263,9 millóns de euros máis que no ano 2017) acadando os 9.448,1 millóns. Este comportamento é consecuencia tanto do incremento dos créditos destinados a operacións correntes, 2,2% (166,7 millóns de euros), como dos gastos de capital, cunha medra do 6,6% (97,3 millóns).

No que atinxe aos gastos correntes, estímase unha medra de 81,2 millóns de euros no gasto de persoal (2,2%), sendo esta medra de 5,5% nos gastos en bens e servizos (89,8 millóns de euros), e do 2,8% no caso das transferencias correntes (60,8 millóns de euros). Así mesmo, é destacable un novo descenso dos gastos financeiros, que se reducen un 27,7% respecto ao ano 2017 (un total de 65 millóns de euros menos).

En relación ás operacións de capital, novamente estímase unha medra tanto dos investimentos reais como das transferencias de capital. Como se reflicte no devandito **cadro 1.2.13.**, este incremento será do 4,8% no primeiro caso (40,2 millóns de euros máis) e do 9% (57 millóns) no caso das transferencias.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, o **cadro 1.2.14.** reflicte que as funcións relativas a Sanidade e Educación concentran o 57,3% do orzamento consolidado de gastos. En conxunto, a contía destinada a estas funcións aumenta un 2,9% respecto ao exercicio anterior, sendo esta porcentaxe do 3,5% no caso da sanidade e do 2% no da educación. Se se teñen en conta todas as funcións, un dos aspectos máis salientables é o descenso da partida dedicada á débeda pública, que se reduce case un 33% para situarse en 1.222,1 millóns de euros, o 11,4% do orzamento consolidado.

En comparación co que acontece no resto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas reflicten que Galicia presenta un incremento dos créditos orzamentarios consignados para cubrir os servizos públicos de Seguridade, Protección e Promoción Social nova-

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2017-18: Distribución Funcional (1)

Funcións	2017		2018		18/17
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
1 Actuacións de carácter xeral	267.001	2,4	282.065	2,6	5,6
11 Alta dirección da Com. Autónoma	36.485	0,3	37.188	0,3	1,9
12 Administración Xeral	68.801	0,6	75.336	0,7	9,5
13 Xustiza	135.459	1,2	146.115	1,4	7,9
14 Administración local	13.274	0,1	13.803	0,1	4,0
15 Normalización lingüística	7.037	0,1	7.623	0,1	8,3
16 Procesos electorais e órganos de repres. Política	5.945	0,1	2.000	0,0	-66,4
2 Protección civil e seguranza cidadá	25.597	0,2	24.963	0,2	-2,5
21 Protección civil e seguridade	25.597	0,2	24.963	0,2	-2,5
3 Protección e promoción social	948.629	8,6	978.183	9,1	3,1
31 Acción social el promoción social	696.761	6,3	727.291	6,8	4,4
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	247.350	2,3	245.865	2,3	-0,6
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.518	0,0	5.027	0,0	11,3
4 Produción de bens públicos de carácter social	6.210.737	56,6	6.404.855	59,7	3,1
41 Sanidade	3.729.544	34,0	3.858.816	36,0	3,5
42 Educación	2.236.952	20,4	2.280.679	21,3	2,0
43 Cultura	64.696	0,6	69.167	0,6	6,9
44 Deportes	19.251	0,2	21.946	0,2	14,0
45 Vivenda	57.730	0,5	69.003	0,6	19,5
46 Outros servizos comunit. e sociais	102.564	0,9	105.243	1,0	2,6
5 Producción de bens públ. de carácter económico	860.880	7,8	911.532	8,5	5,9
51 Infraestructuras	301.731	2,7	340.796	3,2	12,9
52 Ordenación do territorio	17.470	0,2	19.185	0,2	9,8
53 Promoción do solo para actividades económicas	35.425	0,3	23.974	0,2	-32,3
54 Actuacións ambientais	121.735	1,1	124.869	1,2	2,6
55 Actuacións e valorización do medio rural	140.222	1,3	137.417	1,3	-2,0
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	140.525	1,3	158.260	1,5	12,6
57 Sociedade da información e do coñecemento	99.388	0,9	102.615	1,0	3,2
58 Información estatística básica	4.384	0,0	4.416	0,0	0,7
6 Regulación económica de carácter xeral	81.914	0,7	86.720	0,8	5,9
61 Actuacións económicas xerais	31.092	0,3	31.415	0,3	1,0
62 Actividades financeiras	50.822	0,5	55.306	0,5	8,8
7 Regulación económica de sectores productivos e dto. empresarial	638.137	5,8	683.032	6,4	7,0
71 Dinamización económica do medio rural	296.134	2,7	311.526	2,9	5,2
72 Pesca	93.625	0,9	99.342	0,9	6,1
73 Industria, enerxía e minaría	59.325	0,5	46.537	0,4	-21,6
74 Desenvolvemento empresarial	122.982	1,1	149.270	1,4	21,4
75 Comercio	16.546	0,2	18.242	0,2	10,3
76 Turismo	49.526	0,5	58.115	0,5	17,3
8 Transferencias a entidades locais	127.068	1,2	130.480	1,2	2,7
81 Transferencias a entidades locais	127.068	1,2	130.480	1,2	2,7
9 Débeda pública	1.822.264	16,6	1.222.143	11,4	-32,9
91 Débeda pública	1.822.264	16,6	1.222.143	11,4	-32,9
Total	10.982.227	100	10.723.973	100	-2,4

(1) Orzamentos definitivos 2018

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

1.2.14.

Servizos públicos fundamentais nos proxectos orzamentarios das CC.AA. 2018: distribución funcional

	Sanidade		Educación		Seguridade, protección e promoción social		Débeda pública		Resto de funcións ou políticas	
		18/17		18/17		18/17		18/17		18/17
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Andalucía	9.735.809,7	5,4	7.330.828,7	4,4	2.221.963,4	2,9	4.556.261,2	9,5	6.864.381,2	3,8
Baleares	1.580.300,0	5,8	935.008,5	5,9	178.662,4	6,2	977.099,0	5,3	1.337.739,2	11,9
Canarias	2.922.277,9	8,6	1.659.717,9	6,5	389.873,9	21,5	901.795,2	23,5	2.399.327,4	17,7
Cantabria	854.597,6	3,6	556.728,1	3,5	223.274,9	3,6	426.098,4	10,3	670.275,4	5,0
Castela e León	3.544.930,5	2,8	2.001.252,2	2,9	822.144,2	7,1	1.391.457,2	36,6	2.043.451,5	-0,8
Castela-A Mancha	2.771.168,2	2,9	1.656.322,6	4,5	702.131,5	3,3	1.808.220,2	3,0	1.459.618,1	6,3
Extremadura	1.604.081,0	4,2	1.040.922,7	2,4	318.596,6	2,9	385.964,6	22,4	1.485.380,5	6,2
Galicia	3.858.816,3	3,5	2.280.678,9	2,0	721.863,6	15,0	1.222.143,5	-32,9	2.634.057,9	2,9
Madrid	7.870.551,7	3,5	4.560.557,4	3,1	1.686.409,3	6,4	2.997.543,2	13,4	4.518.689,1	6,4
Murcia	1.862.198,6	5,1	1.376.823,4	4,5	364.759,6	7,3	1.052.966,4	19,6	858.700,4	9,7
Navarra	1.054.590,0	1,1	652.340,0	1,3	321.089,4	5,4	332.860,0	-14,2	1.796.720,6	6,8
País Vasco	3.671.387,0	3,6	2.764.348,2	2,9	679.293,0	-1,9	1.346.657,7	30,0	2.981.723,0	-2,5
A Rioxa	434.666,9	4,1	271.374,9	4,3	124.141,5	1,5	279.140,0	6,3	394.230,3	5,0
C. Valenciana	6.378.603,8	5,0	4.547.386,2	3,9	1.473.281,4	16,5	5.118.944,8	34,9	2.438.693,5	10,1
Total(1)	48.143.979,1	4,4	31.634.289,7	3,7	10.227.484,8	7,2	22.797.151,3	13,3	31.882.988,0	5,5

Consulta: 22-3-18

(1) Non sen inclúen tódalas CC.AA.

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2. 15.

Magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2018: relación cos saldos en Contabilidade Nacional

	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Déficit orzamentario non financeiro sen efecto Liq.Negat. 2008 e 2009, Conta 413 e inexecución		Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento a efectos S.E.C.	
	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional	Capítulos 1 a 7 orz. ingresos-gastos	%/ PIB rexional
	(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)	
Andalucía	-865.194,5	-0,5%	-83.932,8	-0,1%	-647.000,0	-0,4%
Baleares	-58.759,5	-0,2%	35.173,7	0,1%	111.515,3	0,4%
Canarias	253.374,7	0,6%	359.467,2	0,8%	375.914,7	0,8%
Cantabria	-60.060,6	-0,4%	-40.940,6	-0,3%	-54.580,6	-0,4%
Castela e León	-228.641,2	-0,4%	-154.767,8	-0,3%	-241.262,7	-0,4%
Castela-A Mancha	-361.169,9	-0,9%	-181.503,9	-0,4%	-165.417,6	-0,4%
Extremadura	-130.335,8	-0,7%	-51.125,1	-0,3%	-77.150,0	-0,4%
Galicia	-193.199,7	-0,3%	-108.392,7	-0,2%	-190.000,0	-0,3%
Madrid	-427.432,4	-0,2%	-295.411,4	-0,1%	-918.332,4	-0,4%
Murcia	-223.144,8	-0,7%	-162.067,3	-0,5%	-118.326,8	-0,4%
Navarra	-115.087,0	-0,6%	-69.488,3	-0,3%	-82.832,5	-0,4%
País Vasco	-400.871,5	-0,5%	-265.371,5	-0,4%	-300.100,0	-0,4%
A Rioxa	-51.725,8	-0,6%	1.557,6	0,0%	-16.090,0	-0,2%
C. Valenciana	-506.417,5	-0,4%	-506.417,5	-0,4%	-315.547,5	-0,4%
Total(1)	- 3.368.665,3	-0,5	- 1.523.220,4	-0,2	- 2.639.210,0	-0,4

Consulta: 22-3-18

(1) Non sen inclúen tódalas CC.AA.

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2. 16.

Principais magnitudes orzamentarias das CC.AA. 2018

	Aforro bruto	Saldo de operacións de capital	Déficit (-) ou superávit (+) orzamentario non financeiro		Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento
	Capítulos 1 a 5 ppto. Ingresos e gastos	Capítulos 6 e 7 ppto ingresos-gastos	Capítulos 1 a 7 ppto ingresos-gastos	En (%) do PIB rexional	Capítulo 9 ppto gastos-ingresos
		(en miles de €)			*(en miles de €)*
Andalucía	1.124.903,6	-1.990.098,1	-865.194,5	-0,5	-914.699,4
Baleares	314.887,3	-373.646,8	-58.759,5	-0,2	-75.700,3
Canarias	742.952,7	-489.578,0	253.374,7	0,6	253.687,2
Cantabria	156.156,3	-216.216,9	-60.060,6	-0,4	-76.180,3
Castela e León	615.167,7	-843.808,9	-228.641,2	-0,4	-276.120,1
Castela-A Mancha	-158.837,3	-202.332,6	-361.169,9	-0,9	-361.169,9
Extremadura	-70.948,7	-59.387,1	-130.335,8	-0,7	-130.336,8
Galicia	806.454,4	-999.654,1	-193.199,7	-0,3	-311.319,0
Madrid	357.645,5	-785.077,9	-427.432,4	-0,2	-908.758,6
Murcia	7.721,6	-230.866,4	-223.144,8	-0,7	-156.802,1
Navarra	208.667,6	-323.754,6	-115.087,0	-0,6	-98.138,4
País Vasco	394.810,5	-795.682,0	-400.871,5	-0,5	-429.302,1
A Rioxa	77.665,9	-129.391,8	-51.725,8	-0,6	-60.555,2
C. Valenciana	448.117,6	-954.535,1	-506.417,5	-0,4	-589.912,7
Total (1)	5.025.364,8	-8.394.030,2	-3.368.665,3	-0,5	-4.135.307,5

Consulta: 11-4-17
(1) Non sen inclúen tódalas CC.AA.
Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2.17.

mente superior á media das dez Comunidades Autónomas recollidas no **cadro 1.2.15.** (15% e 7,2%, respectivamente), a diferencia do que acontece no caso da sanidade (3,5% e 4,4%, respectivamente) e educación (2% e 3,7%,respectivamente). Por contra, a diferenza do acontecido no exercicio precedente, o gasto destinado á "Débeda Pública" descende en Galicia un 32,9% mentres que no conxunto das dez CC.AA. reflectidas no devandito cadro, este aumenta un 13,3% no orzamento de 2018.

Na análise dos indicadores da actividade económico-financeira de Galicia recollidos na conta financeira, cómpre mencionar que o aforro bruto por operacións correntes sitúase en 2018 nos 845,5 millóns de euros, fronte aos 642 millóns do exercicio precedente, como consecuencia dunha medra do 2,2% dos gastos e do 4,4% dos ingresos correntes. Pola súa banda, as operacións de capital presentan un saldo negativo entre ingresos e gastos de capital de 999,7 millóns de euros (un 10,5% máis que en 2017), que foi financiado polo devandito aforro por operacións correntes xunto co fondo de continxencia, que se situou en 39 millóns de euros (37,5 millóns no ano precedente).

Como resultado do anterior, a necesidade de financiamento reflectida na conta financeira dos orzamentos para o exercicio 2017 descende ata os 193,2 millóns de euros. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento sitúase en 190 millóns de euros, o que suporía o 0,3% do PIB para 2018, é dicir, dúas décimas menos que no exercicio anterior (**cadro 1.2.18.**).

O endebedamento neto acada os 311,3 millóns de euros, que se destina, dunha banda, ao financiamento de activos financeiros, que se manteñen nun nivel similar ao do ano anterior (118,1 millóns de euros) e doutra banda, os 193,2 millóns de euros restantes financian os investimentos.

A débeda acumulada en Galicia no ano 2017 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) volve a medrar en galicia

Necesidade de financiamento da C.A. 2018

(en miles de €)

Saldo orzamentario	-193.199,7
Axustes conforme as normas SEC	3.200
Liquidacións negativas do sistema de financiación	84.807
Intereses	5.000
Inexecución	0
Recadación incerta	-32.000
Obrigas de exercicios anteriores (conta413/409)	0
Outras unidades consideradas como Administración Pública	-49.000
Aportacións de capital a empresas públicas	0
Transferencias do Estado	0
Transferencias da UE	0
Reasignación de operacións	0
Investimentos de APP's	0
Resto de axuste	-5.607
Capacidade / Necesidade de financiación	-190.000
% PIB	-0,3

Consulta: 22-3-18

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, *Presupuestos de las Comunidades Autónomas*

1.2. 18.

Débeda das CC.AA. 2008 e 2016-17 (1)

	2008			2016			2017		
	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante (2)	débeda / PIB
	(en millóns de euros)	*(en euros)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(en euros)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*	*(en euros)*	*(%)*
Andalucía	8.143	992,78	5,4	33.325	3.972,89	22,3	34.260	4.088,39	22,1
Aragón	1.517	1.143,25	4,3	7.486	5.720,78	21,8	7.959	6.081,38	22,1
Asturias	770	712,87	3,2	4.094	3.926,69	18,9	4.244	4.100,64	18,7
Baleares	2.696	2.512,95	9,9	8.572	7.741,91	29,9	8.802	7.887,10	29,4
Canarias	1.885	908,01	4,4	6.939	3.301,26	16,3	7.044	3.341,36	15,9
Cantabria	511	877,80	3,9	2.890	4.963,88	23,0	3.033	5.226,65	23,2
Castela e León	2.608	1.019,81	4,6	11.316	4.623,46	20,4	11.870	4.893,23	20,8
Castela - A Mancha	2.584	1.264,74	6,4	14.055	6.884,20	36,5	14.430	7.103,20	36,0
Cataluña	20.825	2.827,92	10,0	75.118	9.985,65	35,1	77.740	10.288,74	34,8
C. Valenciana	13.696	2.723,08	12,6	44.663	9.004,70	42,7	46.187	9.346,74	42,5
Estremadura	904	823,51	5,0	4.059	3.731,46	22,7	4.401	4.075,30	23,8
Galicia	3.954	1.420,17	6,7	10.854	3.992,61	18,6	11.210	4.139,07	18,4
Madrid	11.380	1.814,52	5,6	30.418	4.703,57	14,4	32.783	5.037,97	14,9
Murcia	755	529,41	2,6	8.305	5.669,53	28,5	8.795	5.981,88	29,0
Navarra	868	1.399,15	4,6	3.461	5.402,35	18,1	3.628	5.640,25	18,3
País Vasco	1.007	466,83	1,5	9.958	4.548,00	14,5	10.149	4.625,46	14,1
A Rioxa	393	1.237,79	4,8	1.487	4.708,77	18,8	1.570	4.978,11	19,3
Total	74.497	1.613,96	6,7	277.001	5.949,72	24,8	288.105	6.186,21	24,8

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

1.2. 19.

Recadación tributaria do Estado en Galicia 2008-17. Criterio de caixa

	2008		2014		2016		2017	
	(en miles de euros)	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*
Total	5.721.873	100	5.776.755	100	6.597.790	100	6.668.405	100
Impostos directos	3.977.499	69,5	3.784.378	65,5	3.957.590	60,0	4.086.636	61,3
IRPF	2.593.708	45,3	2.480.599	42,9	2.518.080	38,2	2.688.969	40,3
Impostos sobre sociedades	1.323.945	23,1	1.164.526	20,2	1.297.200	19,7	1.230.210	18,4
Imposto sobre a renda de non residentes	58.000	1,0	86.513	1,5	95.755	1,5	113.198	1,7
Resto capítulo I	1.846	0,0	52.740	0,9	46.555	0,7	54.259	0,8
Impostos indirectos	1.699.985	29,7	1.916.649	33,2	2.575.202	39,0	2.499.926	37,5
IVE	1.560.234	27,3	1.795.844	31,1	2.377.355	36,0	2.271.247	34,1
Impostos especiais	49.707	0,9	32.292	0,6	90.091	1,4	118.292	1,8
Tráfico exterior	88.720	1,6	83.655	1,4	98.371	1,5	99.615	1,5
Taxas e outros ingresos	44.389	0,8	75.728	1,3	64.998	1,0	81.843	1,2

Fonte: Agencia Tributaria, *Recaudación tributaria*

1.2.20.

por baixo da media estatal, acadando os 11.210 millóns de euros segundo o avance do Banco de España, o que representa o 3,9% da débeda total española. Tras un incremento interanual do 3,3% (sete décimas menos que no conxunto do Estado), Galicia mantense como a sexta Comunidade que rexistra un menor incremento en relación ao ano anterior por detrás de Canarias (1,5%), País Vasco (1,9%), Baleares e Castela–A Mancha (2,7%) e Andalucía (2,8%) (**cadro 1.2.19.**).

En termos relativos, a relación entre o endebedamento e o PIB descende ata o 18,4%, sendo esta porcentaxe do 24,8% no conxunto do Estado. O endebedamento por habitante creceu tamén en relación ao período anterior ata acadar os 4.139,07 euros, situándose moi por baixo da media estatal, que ascendeu a 6.186,21 euros por persoa.

No que respecta aos indicadores económicos da recadación tributaria en Galicia, os ingresos tributarios continúan coa súa tendencia positiva. Tras unha medra do 1,1% respecto ao ano anterior (4,1% en España), a recadación acadou os 6.668,4 millóns de euros, reducíndose o seu peso relativo no total estatal ata o 3,4%.

No último ano, a recadación por impostos directos aumenta en Galicia un 3,3% respecto ao ano anterior para situarse nos 4.086,6 millóns de euros, 129 millóns máis. Como reflicte o **cadro 1.2.20.**, este incremento está influenciado fundamentalmente pola medra do 6,8% no caso do IRPF, cuxa recadación ascende a 2.689 millóns de euros (170,9 millóns máis que no exercicio precedente). Por contra, descende lixeiramente a aportación dos impostos sobre sociedades, que acadan os 1.230,2 millóns de euros (67 millóns menos que no ano anterior). No que atinxe aos impostos indirectos, a recadación descende un 2,9% respecto ao ano 2016 para situarse nos 2.499,9 millóns (75,3 millóns menos). Entre estes, o IVE recadou un total de 2.271,2 millóns de euros, un 4,5% menos que no exercicio precedente (106,1 millóns menos).

Tras esta evolución, o peso relativo no total da recadación tributaria aumenta no caso da imposición directa, que supón o 61,3% do total, descendendo no caso dos impostos indirectos que concentran o 37,5% do total. Cómpre mencionar o incremento do peso do IRPF en comparación co ano anterior, que representa o 40,3% da recadación en 2017, porcentaxe aínda moi inferior á rexistrada no momento do inicio da crise económica (45,3%). Por contra, o IVE aporta o 34,1% da recadación, case dous puntos menos que no ano anterior (27,3% no ano 2008). O imposto de sociedades representa unha porcentaxe aínda inferior ao de 2008, con 18,4% e 23,1%, respectivamente (19,7% no ano anterior).

Finalmente, cómpre facer referencia aos tributos propios da Comunidade autónoma, que engloban as recar-

Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma. Criterios de caixa: 2016-17

	2016	2017	17/16	
	(miles de euros)		(miles de euros)	(%)
Capítulo I: Impostos directos	2.247.918,7	2.357.315,8	109.397,1	4,9%
10 Sobre a renda	2.014.119,0	2.130.720,6	116.601,6	5,8%
11 Sobre o capital	233.799,6	226.595,2	-7.204,5	-3,1%
Capítulo II: Impostos indirectos	3.216.705,6	3.300.814,3	84.108,7	2,6%
20 Sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados	224.155,2	251.719,9	27.564,6	12,3%
21 Imposto sobre o valor engadido	1.951.879,3	2.003.250,9	51.371,6	2,6%
22 Impostos sobre consumos específicos	939.709,9	946.264,6	6.554,7	0,7%
23 Imposto sobre o xogo	59.810,0	61.124,8	1.314,7	2,2%
28 Impostos extinguidos	-	-	-	-
29 Tributos propios da Comunidade autónoma	41.151,2	38.454,2	-2.697,0	-6,6%
290 Tributación autonómica sobre o xogo	48,7	1,2	-47,5	-97,5%
291 Gravame sobre contaminación atmosférica	3.882,8	4.067,7	184,9	4,8%
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	13.985,5	11.807,0	-2.178,6	-15,6%
293 Canon eólico	23.234,2	22.578,4	-655,8	-2,8%
Capítulo III: Taxas e outros ingresos	177.782,5	179.066,5	1.284,0	0,7%
30 Taxas administrativas	23.828,0	24.424,7	596,7	2,5%
31 Prezos	41.698,8	37.897,8	-3.801,0	-9,1%
32 Outras taxas	-	-	-	-
34 Ingresos derivados de encomendas de xestión	14.818,4	18.070,4	3.251,9	21,9%
35 Ingresos derivados de compensación económicas	1.440,2	2.829,4	1.389,2	96,5%
36 Debedores	49.970,0	49.482,3	-487,8	-1,0%
37 Ingresos por ensaios clínicos	-	-	-	-
38 Reintegros	11.815,9	10.534,4	-1.281,5	-10,8%
39 Outros ingresos	34.211,1	35.827,7	1.616,6	4,7%

(consulta: 11-06-2018)
Fonte: IGE

1.2.21.

gas sobre tributos estatais, os tributos cedidos e xestionados pola Comunidade e os tributos cedidos e xestionados polo Estado. Como reflicte o cadro 1.2.n 2017, o importe total destes tributos descende ata os 38,5 millóns de euros, rexistrándose un descenso do 6,6% respecto ao ano anterior (2,7 millóns menos). Entre os distintos tributos cómpre resaltar a importancia do canon eólico, que supón o 58,7% dos tributos propios (22.578,4 millóns de euros), seguida polos impostos sobre o dano ambiental da auga encorada, cun 30,7% (11.807 millóns). No ano 2016 estas porcentaxes situábanse no 56,5% e 34%, respectivamente.

Proceso de converxencia económica


O proceso de converxencia económica é o proceso de aproximación da situación económica dun territorio respecto a outro concreto que se toma como referencia. Unha da variables máis empregadas como indicador é o PIB per cápita, de xeito que se a devandita aproximación prodúcese por un maior crecemento do PIB estase ante unha converxencia activa, a diferencia dunha converxencia pasiva que é resultado dunha caída da poboación. O obxectivo deste apartado é analizar en primeiro lugar a converxencia da economía galega á media estatal, e posteriormente respecto á media comunitaria.

• Converxencia coa media estatal

Segundo os datos da Contabilidad regional do INE, o PIB galego a prezos correntes, tras unha medra do 4,1% respecto ao ano anterior (4% en España), ascende a 60.824,2 millóns de euros, o que representa o 5,23% do total estatal (**cadro 1.2.22.**). En termos de volume, o crecemento da economía galega en 2017 foi do 3,1% segundo as estimacións tanto do IGE como do INE (no ano anterior existía un diferencial de tres décimas entre ambas).

O indicador PIB rexionalizable per cápita aumenta no último ano en Galicia ata os 90 puntos (España=100),

Participación da produción, a poboación e o emprego galego (1) no total español 2008-17



(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes (consulta: 27-03-2018); emprego: afiliados á Seguridade Social
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE

1.2. 22.


Converxencia das CC.AA. fronte a España e a UE 2008-17 (1)

	Converxencia fronte a España					Converxencia fronte á UE				
	(PIB / habitante)									
	2008	2016	2017	17/08	17/16	2008	2015	2016	16/08	16/15
	(media España=100)			*(variación absoluta)*		*(media UE-28=100)*			*(variación absoluta)*	
Andalucía	76,7	73,9	73,9	-2,8	0,0	77,8	67,2	67,8	-10,0	0,6
Aragón	109,8	108,4	109,6	-0,2	1,2	111,1	98,6	99,3	-11,8	0,7
Asturias	92,0	86,6	88,2	-3,8	1,6	93,1	79,3	79,5	-13,7	0,1
Baleares	105,9	104,1	103,1	-2,8	-1,0	107,3	94,5	95,2	-12,1	0,7
Canarias	87,3	82,3	81,7	-5,6	-0,6	88,5	74,8	75,3	-13,2	0,5
Cantabria	94,1	89,6	90,1	-4,1	0,5	95,4	81,4	82,2	-13,2	0,8
Castela e León	92,4	94,4	94,2	1,9	-0,1	93,5	84,8	86,3	-7,2	1,5
Castela-A Mancha	81,1	78,3	78,7	-2,4	0,5	82,0	71,0	71,6	-10,4	0,5
Cataluña	116,7	119,7	119,7	3,0	0,0	118,0	108,3	109,6	-8,4	1,3
C. Valenciana	90,1	88,2	88,2	-1,9	0,1	91,2	79,7	80,8	-10,4	1,2
Estremadura	68,5	68,8	69,1	0,5	0,3	69,3	62,8	63,0	-6,3	0,3
Galicia	87,4	89,5	90,0	2,6	0,5	88,5	80,7	81,8	-6,7	1,2
Madrid	132,5	136,3	135,2	2,8	-1,0	134,1	124,1	124,7	-9,4	0,5
Murcia	83,8	82,5	82,3	-1,5	-0,2	85,1	75,2	75,7	-9,4	0,5
Navarra	124,1	124,6	123,7	-0,5	-0,9	125,7	113,8	114,0	-11,6	0,2
País Vasco	128,7	132,0	132,4	3,7	0,4	130,3	120,0	120,9	-9,4	0,9
A Rioxa	107,0	105,1	104,2	-2,9	-1,0	108,4	97,9	96,2	-12,2	-1,7
Ceuta	85,5	79,8	78,1	-7,4	-1,7	86,6	73,4	72,9	-13,6	-0,5
Melilla	80,5	73,0	71,8	-8,7	-1,3	81,6	66,9	66,8	-14,8	-0,1
Total						101,1	90,7	91,4	-9,7	0,7

(1) converxencia en termos de PIB por habitante; prezos de mercado (paridade poder adquisitivo) (consulta: 28-03-2018)
Fonte: INE e EUROSTAT

1.2. 23

Converxencia de Galicia e España fronte a UE-28 e Galicia fronte a España 2000-17



(1) PIB per cápita a prezos de mercado (paridade de poder adquisitivo)

Fonte: INE, EUROSTAT

1.2.24.

cinco décimas máis que no ano anterior. Como se aprecia no **cadro 1.2.23.**, este valor é o máis elevado da serie considerada, estimándose un aumento respecto ao ano 2008 de 2,6 puntos. Tendo en conta que no período 2008-2017 a economía española presenta con carácter xeral un mellor comportamento que a galega, a converxencia de Galicia respecto á media española prodúcese en maior medida polo efecto da caída da poboación.

Tras esta evolución, Galicia sitúase como a oitava Comunidade Autónoma co menor valor do PIB rexionalizable, por riba do rexistrado en Estremadura (69,1% do valor español), Andalucía (73,9%), Castela-A Mancha (78,7%), Murcia (82,3%), Canarias (81,7%) e C. Valenciana e Asturias (88,2%).

• Converxencia coa media europea

Os datos provisionais do produto interior bruto por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en Galicia para o ano 2016 reflicten unha medra do 2,1% en relación ao ano anterior, acadando un PIB per cápita equivalente ao 81,8% da media da UE-28 (91,4% no conxunto do Estado). Comparado co resto das CC.AA., Galicia mantense como a sétima Comunidade co menor índice, superando novamente a Estremadura (63%), Andalucía (67,8%), Castela-A Mancha (71,6%), Canarias (75,3%), Murcia (75,7%) e Asturias (79,5%).

O devandito proceso de converxencia das diferentes CC.AA. non é homoxéneo, de xeito que entre os anos 2008 e 2016 Galicia perde 6,7 puntos porcentuais (Estremadura 6,3 puntos), o que converte nunha das Comunidade que menos diverxe en termos de PIB/habitante, influenciado en parte pola caída da poboación nese período de tempo.

Como se aprecia no **cadro 1.1.24.**, a crise económica frea a senda de converxencia producíndose un marcado proceso de diverxencia tanto do conxunto do Estado como de Galicia coa media europea. No que atinxe á economía galega, entre os anos 2008 e 2013 o

indicador PIB por habitante redúcese 9,4 puntos (11,6 puntos no conxunto de España), mentres que dende ese ano ata o 2016 aumenta 2,7 puntos para acadar os devanditos 81,8% (1,9 punto en España). ❏

1.3. Evolución demográfica

A poboación residente nos concellos de Galicia a 1 de xaneiro de 2018 descende ata as 2.700.970 persoas, o 5,78% da poboación española, o que significa unha redución de 7.369 persoas en relación á mesma data do ano anterior. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, a poboación mantén unha tendencia descendente continuada desde o ano 2010, sendo a taxa de variación acumulada do –0,4% de media anual.

Entre outras características da evolución e estrutura demográfica, pódese mencionar o proceso de avellentamento da poboación galega. A un de xaneiro de 2018, a poboación de 65 e máis anos aumenta en Galicia ata as 672.851 persoas, o que representa o 24,9% da poboación total, 5,8 puntos porcentuais por riba do rexistrado no conxunto do Estado. En oito concellos galegos máis da metade da poboación empadroada tiña máis de 65 anos, fronte aos catro de 2008 e ningún en 1998. Con todo, fronte a este dato negativo do envellecemento cómpre resaltar como aspecto positivo tanto o incremento da esperanza de vida ao nacer, que se sitúa a comezos de 2017 en 82,8 anos, como da esperanza de vida aos 65 anos, que ascende a 21,4 anos.

Doutra banda, a poboación potencialmente activa descende de xeito continuado dende o ano 2009, situándose no último ano en 1.684.156 persoas, o que supón unha caída superior ás 13.100 persoas (0,8% de media anual). Loxicamente, esta evolución incide negativamente tanto na evolución do mercado de traballo como na sostibilidade do sistema de prestacións sociais.

Ao longo dos últimos ano prodúcese unha despoboación en grande parte do interior de Galicia, aumentando así o desequilibrio territorial no conxunto da Comunidade Autónoma. A un de xaneiro de 2017 Galicia contaba con 31 concellos con menos de mil habitantes (17 a comezos da crise económica e 12 en 1998). Neste ultimo ano, destes 31 concellos, 25 pertencen á provincia de Ourense.

Asemade, cómpre mencionar a forte dispersión da poboación de Galicia, que conta con 30.246 entidades singulares de poboación, o 49% do total estatal. No ano 2017, o 90,8% das entidades galegas (27.464) tiñan menos de 100 habitantes, sendo esta porcentaxe do 76,1% no conxunto do Estado.

Poboación nas CC.AA. 2017-18

	Poboación a 1 de xaneiro 2017				Poboación a 1 de xaneiro 2018				18/17		
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	8.379.820	4.133.835	4.245.985	95,7	8.379.248	4.131.601	4.247.647	95,7	-572	-2.234	1.662
Aragón	1.308.750	645.895	662.855	27,4	1.307.984	645.098	662.886	27,4	-766	-797	31
Asturias	1.034.960	493.911	541.049	97,6	1.028.135	490.683	537.452	97,0	-6.825	-3.228	-3.597
Baleares	1.115.999	554.925	561.074	223,6	1.128.139	561.459	566.680	226,0	12.140	6.534	5.606
Canarias	2.108.121	1.045.113	1.063.008	283,1	2.126.779	1.053.591	1.073.188	285,6	18.658	8.478	10.180
Cantabria	580.295	281.808	298.487	109,1	580.067	281.510	298.557	109,0	-228	-298	70
Castela e León	2.425.801	1.195.251	1.230.550	25,7	2.407.650	1.185.617	1.222.033	25,6	-18.151	-9.634	-8.517
Castela-A Mancha	2.031.479	1.016.761	1.014.718	25,6	2.025.510	1.013.568	1.011.942	25,5	-5.969	-3.193	-2.776
Cataluña	7.555.830	3.710.200	3.845.630	235,3	7.596.131	3.728.498	3.867.633	236,5	40.301	18.298	22.003
C. Valenciana	4.941.509	2.436.203	2.505.306	212,5	4.959.243	2.444.196	2.515.047	213,3	17.734	7.993	9.741
Estremadura	1.079.920	535.060	544.860	25,9	1.072.059	530.907	541.152	25,7	-7.861	-4.153	-3.708
Galicia	2.708.339	1.304.392	1.403.947	91,6	2.700.970	1.300.219	1.400.751	91,3	-7.369	-4.173	-3.196
A Coruña	1.120.294	537.311	582.983	140,9	1.119.091	536.516	582.575	140,7	-1.203	-795	-408
Lugo	333.634	161.775	171.859	45,9	331.232	160.607	170.625	45,5	-2.402	-1.168	-1.234
Ourense	311.680	149.689	161.991	31,6	309.112	148.332	160.780	31,4	-2.568	-1.357	-1.211
Pontevedra	942.731	455.617	487.114	209,7	941.535	454.764	486.771	209,5	-1.196	-853	-343
Madrid	6.507.184	3.115.522	3.391.662	803,6	6.576.009	3.147.042	3.428.967	812,1	68.825	31.520	37.305
Murcia	1.470.273	736.238	734.035	130,0	1.477.946	739.970	737.976	130,6	7.673	3.732	3.941
Navarra	643.234	318.671	324.563	61,9	647.219	320.297	326.922	62,3	3.985	1.626	2.359
País Vasco	2.194.158	1.066.905	1.127.253	303,3	2.198.657	1.068.554	1.130.103	303,9	4.499	1.649	2.850
A Rioxa	315.381	155.508	159.873	62,5	315.371	155.613	159.758	62,5	-10	105	-115
Ceuta	84.959	43.034	41.925	4.471,5	85.144	43.182	41.962	4.481,3	185	148	37
Melilla	86.120	43.629	42.491	6.624,6	86.308	43.726	42.582	6.639,1	188	97	91
Total	46.572.132	22.832.861	23.739.271	92,0	46.698.569	22.885.331	23.813.238	92,3	126.437	52.470	73.967
Galicia / España (%)	5,82	5,71	5,91		5,78	5,68	5,88				

(1) Datos da poboación a 1 de xaneiro de 2018 son provisionais.

1.3. 1.

Nos últimos anos aumenta o saldo vexetativo negativo, que se sitúa en –12.695, o nivel máis acusado dende o ano 2000, a diferenza do que acontece no caso do saldo migratorio, que mantén no primeiro semestre de 2017 valores positivos.


Estrutura da poboación

A poboación residente en Galicia descende de xeito continuado a partir de 2010 ata acadar as 2.700.970 persoas o 1 de xaneiro de 2018, o que supón unha redución do 0,3% respecto á mesma data do ano anterior. Aínda que con distinta intensidade, e ao igual que en anos anteriores, este descenso prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres así como nas catro provincias galegas, na denominada Galicia occidental-costa e Galicia interior, e nos catro grandes grupos de concellos considerados.

Tendo en conta o descenso continuado da poboación nos últimos anos, dende o comezo da crise económica a Comunidade Autónoma perdeu 83.199 habitantes (3% menos), o que contrasta co incremento do 1,2% experimentado no conxunto do Estado. Das oito CC.AA. que perden poboación dende o comezo da crise (Aragón, Asturias, Castela e León, Castela-A Mancha, Estremadura, C. Valenciana, Galicia e A Rioxa), Galicia sitúase como a terceira con maior redución en termos porcentuais, tras Castela e León (–5,9%) e Asturias (–4,8%). Como consecuencia desta evolución, o peso relativo da poboación residente en Galicia descende desde o 6,03% de 2008 ata o 5,78% do ano 2018.

Historicamente, as perdas de poboación en Galicia concentrábanse nas provincias de Lugo e Ourense, que eran compensadas polos incrementos poboacionais das provincias da Coruña e Pontevedra. Sen embargo,

Evolución demográfica 2008-2018 (1): distribución provincial



(1) 2008 = 100
Fonte: INE, *Estadística del Padrón Continuo*

1.3.2.

nos últimos seis anos as catro provincias presentan unha caída da súa poboación residente, se ben é moito máis acusada en termos relativos en Ourense e Lugo. Dunha banda, nese período de tempo a provincia de Ourense é a que rexistra a maior caída en termos relativos, cun descenso acumulado do 6,4% (–21.145 persoas), por diante de Lugo, cun –5,1% (–17.670 persoas), A Coruña, cunha diminución do 2,2% (–24.820 residentes menos) e Pontevedra, cun descenso do 1,8% (–16.893 habitantes menos). Se só se considera o último ano, Ourense e Lugo sitúanse como as provincias con maior descenso (–0,8% e –0,7%, respectivamente), rexistrando Pontevedra e A Coruña unha caída do 0,1%.

Afondando na análise da evolución poboacional dende unha perspectiva xeográfica, obsérvanse contrastes salientables non só entre as provincias occidentais e as do interior, senón tamén a nivel comarcal e municipal. Dunha banda, por sexto ano consecutivo o descenso da poboación rexístrase tanto nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, Occidental e Oriental, na provincia de Lugo; e O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) como na Galicia interior. A 1 de xaneiro de 2017 (último dato dispoñible) residían nas devanditas comarcas un total de 1.950.384 persoas, 1.602 menos que na mesma data do ano anterior, sendo esta redución superior a 15.098 persoas en relación a xaneiro de 2008. Tendo en conta a maior caída rexistrada nas comarcas do interior (–8.584 persoas menos que no ano anterior e máis de 60.700 respecto a xaneiro de 2008), aumenta a concentración da poboación na Galicia occidental costa ata o 72%, 1,4 puntos porcentuais superior á rexistrada ao comezo da crise (**cadro 1.3.3.**).

No último ano tan só catro das 53 comarcas galegas rexistran unha medra da súa poboación residente: A Coruña e Santiago na provincia da Coruña (1.210 e 805 habitantes máis, respectivamente), e Pontevedra e Vigo, na provincia de Pontevedra (1.695 e 70 residentes máis). En relación á poboación residente a un de xaneiro de 2008, as devanditas catro comarcas, xunto a Lugo e O Morrazo experimentan unha medra da súa poboación.

A nivel municipal, 49 dos 313 concellos galegos experimentaron no último ano unha medra da súa poboa-

Evolución da poboación 2008-17 (1): distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2008	2014	2015	2016	2017	Poboación 2017		
						Menores 16 anos	De 16 a 64	65 e máis
						(% sobre poboación)		
Total	2.784.169	2.748.695	2.732.347	2.718.525	2.708.339	12,7	62,7	24,6
A Coruña	1.139.121	1.132.735	1.127.196	1.122.799	1.120.294	13,0	63,1	24,0
Lugo	355.549	342.748	339.386	336.527	333.634	10,6	60,6	28,8
Ourense	336.099	322.293	318.391	314.853	311.680	10,5	58,6	30,9
Pontevedra	953.400	950.919	947.374	944.346	942.731	13,9	64,3	21,8
Galicia occidental costa	1.979.042	1.978.711	1.970.674	1.964.224	1.962.537	13,5	63,8	22,7
Galicia interior	818.687	782.517	774.044	766.539	757.955	10,6	58,8	29,0
Sete grandes cidades	993.124	994.407	989.936	987.779	987.412	13,5	63,8	22,7
Vigo	295.703	294.997	294.098	292.817	292.986	14,0	64,4	21,6
A Coruña	245.164	244.810	243.870	243.978	244.099	12,9	63,0	24,0
Ourense	107.057	106.905	106.231	105.893	105.636	13,0	62,0	25,0
Lugo	95.416	98.560	98.134	98.268	97.995	13,9	65,1	21,0
Santiago de Compostela	94.339	95.800	95.612	95.966	96.456	13,7	65,2	21,1
Pontevedra	80.749	82.946	82.539	82.549	82.671	15,0	65,3	19,7
Ferrol	74.696	70.389	69.452	68.308	67.569	11,6	61,2	27,2
Concellos segundo tamaño								
< 1.000 hab.	28.027	23.952	23.306	22.604	22.026	4,9	51,3	43,8
1.001 a 5.000 hab.	475.635	425.767	419.667	412.059	405.372	8,2	56,7	35,1
5.001 a 10.000 hab.	399.710	397.037	394.075	391.564	389.892	12,2	61,6	26,3
> 10.000 hab.	1.880.797	1.901.939	1.895.299	1.892.298	1.891.049	13,9	64,3	21,8

(1) datos do padrón
(2) comparativa feita en base a 2017; Cesuras e Oza dos Ríos incluídos en 2005 e 2008 no grupo de 1001 a 5000 hab. Cerdedo-Cotobade antes do 2017 no de 5001 a 100
Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes*

1.3. 3.


ción, dos que dezanove pertencen á provincia da Coruña, outros dezaseis, a Pontevedra, nove a Ourense e cinco a Lugo. Comparando a poboación empadroada en xaneiro de 2017 coa empadroada na mesma data de 2008, dos 49 concellos que experimentan un incremento da súa poboación, vinte pertencen ás provincias de Pontevedra e A Coruña, cinco a Ourense e os restantes catro concellos a Ourense.

Se se consideran os sete grandes concellos galegos en termos poboacionais, o número total de persoas empadroadas nestas urbes permanece practicamente constante no último ano para situarse en 987.412 habitantes, 367 menos que a un de xaneiro de 2016. Ao longo dos últimos anos aumenta a concentración da poboación nestas cidades, acollendo o 36,5% da poboación a 1 de xaneiro de 2017 fronte ao 35,7% de 2008.


Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos, cómpre destacar en primeiro lugar o continuo descenso da poboación empadroada no concello de Ferrol. Tan só dende o comezo da crise económica a cidade perdeu 7.127 persoas, o que supón unha caída do 9,5% (–0,6% no conxunto das sete cidades e –2,7% en Galicia). Asemade, Ourense presenta unha caída do 1,3% entre os dous anos considerados (1.421 empadroados menos), seguidos de Vigo, cunha diminución do 0,9% (2.717 persoas) e A Coruña, cun 0,4% menos (1.065 persoas). No extremo oposto, os tres concellos que experimentan un incremento da poboación empadroada son Lugo, cunha medra do 2,7% (2.579 persoas máis), por diante de Pontevedra, cun 2,4% (1.922 habitantes) e Santiago de Compostela, cun 2,2% (2.117 persoas). Asemade, cómpre mencionar que Vigo racha a tendencia descendente dos últimos catro anos, experimentando entre xaneiro de 2016 e 2017 unha medra da súa poboación do 0,1% (169 empadroados máis).

Atendendo ao tamaño dos concellos, no conxunto dos 55 municipios galegos que a 1 de xaneiro de 2017 con-

Evolución da poboación 2008-17 (1)



Poboación na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2008-17 (1)




(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano, os datos do 2016 son provisionais a partires de xullo

Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes*

1.3. 4.

Poboación en Galicia 2008, 2014-17 (1): distribución segundo tamaño dos concellos



(1) datos do padrón

Fonte: IGE, *Cifras de poboación, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes*

1.3.5.

taban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes residen 1.891.049 persoas, 1.249 menos que na mesma data do ano anterior, o que supón case o 70% do total da poboación de Galicia. Ao igual que acontecera nos catro anos anteriores, a poboación residente descende nestes concellos, se ben esta caída é a que presenta menor intensidade. Con todo, como se reflicte no **cadro 1.3.5.**, entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2017 estes concellos presentaron unha medra en torno ás 10.250 persoas, pasando o seu peso relativo dende os 67,6% ata o 69,8% de 2017 (64,4% no ano 1998).


A poboación residente nos 31 concellos que en xaneiro de 2017 tiñan menos de 1.000 habitantes descendeu ata as 22.026 persoas (578 menos que no ano anterior), o que representa o 0,8% da poboación galega. No comezo da crise económica de 2008, Galicia contaba con 17 concellos cunha poboación residente inferior aos 1.000 habitantes, sendo o seus peso relativo do 0,4% (12.230 persoas). Pola contra, o número de concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 habitantes descende entre os dous anos considerados ata os 170 concellos (195 concellos en 2008), situándose o número de habitantes en 405.372 persoas, o 15% do total de Galicia (16,7% a 1 de xaneiro de 2008).

A desagregación provincial da análise dos datos atendendo ao tamaño dos concellos reflicte non só a redución da poboación empadroada nos concellos de máis de dez mil habitantes nas catro provincias galegas, senón tamén a súa elevada concentración na provincia de Pontevedra. A un de xaneiro de 2017, estes concellos acollen o 82,4% da poboación empadroada na provincia, porcentaxe moi superior tanto á rexistrada en A Coruña, con case o 71%, como á que presentan Lugo e Ourense, co 48% e 50,6%, respectivamente.


No que atinxe aos concellos máis pequenos (menos de mil habitantes), cómpre salientar o elevado peso relativo que na provincia de Ourense ten a poboación residente nestes municipios. Dos mencionados 31 concellos galegos que no último ano contaban con menos de 1.000 habitantes empadroados, 25 son municipios ourensáns, e acollen o 5,7% da poboación da provincia. Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas empadroadas, o 36% da poboación de Lugo e o 37,2%

Concellos galegos cunha poboación empadroada inferior a 2000 habitantes


Poboación un xaneiro 1998



Poboación un xaneiro 2008



Poboación a un de xaneiro de 2017



(1) Vermello: concellos con menos de 1.000 habitantes; azul: de 1.000 a 1.500 persoas empadroadas; verde: concellos cunha poboación entre 1500 e 2.000 habitantes.
Fonte: IGE, Cifras de poboación, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes

1.3. 6.

no caso de Ourense está empadroada neses concellos, sendo esta porcentaxe inferior ao 16% en Galicia e tan só 12,3% no conxunto do Estado.

No conxunto de Galicia o devandito descenso rexistrado no último ano afecta tanto a homes como a mulleres (5.155 e 4.731 menos, respectivamente), rexistrándose a mesma tendencia nas catro provincias galegas. Na provincia de A Coruña a perda de poboación situouse en 3.821 habitantes e en 2.983 habitantes en Ourense, en tanto que en Pontevedra esta redución foi de 2.457 persoas e en Lugo, as 2.502.

• Composición por idades

A evolución demográfica descrita anteriormente caracterízase non só polo descenso poboacional, senón tamén polo desequilibrio territorial e a dispersión da poboación. No concernente á estrutura por idades, cómpre mencionar a elevada idade media así como índices reducidos de persoas novas.

A 1 de xaneiro de 2018 a idade media en Galicia ascende a 47 anos, fronte aos 43,1 anos de media no conxunto do Estado, manténdose como terceira comunidade con maior idade media tras Asturias (48,1 anos) e Castela e León (47,4 anos). A idade media das mulleres é superior á dos homes en todas as Comunidades Autónomas, acadando en Galicia en 48,5 anos de media no caso das mulleres e 45,4 anos no dos homes (44,4 e 41,8 anos en España, respectivamente).

Atendendo á súa distribución provincial, cómpre mencionar que as catro provincias galegas presentan unha idade media superior á do conxunto do Estado, salientando Ourense e Lugo, con 50,5 anos e 49,7 anos, respectivamente, tan só superadas por Zamora, con 50,7 anos de media. En A Coruña e Pontevedra, a idade media ascende a 46,7 anos e 45,3 anos, respectivamente. Atendendo á súa distribución segundo sexos, as mulleres acadan os 52 anos de media en Ourense e superan os 51 anos na provincia de Lugo, mentres que no caso dos homes, a idade media nestas dúas provincias ascende a 48,7 e 48,2 anos, respectivamente.

No que respecta á estrutura poboacional segundo

Poboación residente nas CC.AA. 2018 (1): distribución segundo grupos de idade

	Total		Grupos de idade				
			0-14	15-44	45-64	≥65	≥85
		(%)			(%)		
Andalucía	8.379.248	17,94	15,9	39,1	28,1	16,8	2,3
Aragón	1.307.984	2,80	14,1	35,6	28,7	21,6	4,2
Asturias	1.028.135	2,20	11,0	32,3	31,4	25,3	4,7
Baleares	1.128.139	2,42	15,3	41,8	27,4	15,5	2,2
Canarias	2.126.779	4,55	13,6	40,8	30,0	15,6	1,9
Cantabria	580.067	1,24	13,4	34,9	30,2	21,5	3,9
Castela e León	2.407.650	5,16	12,0	32,7	30,2	25,1	5,3
Castela-A Mancha	2.025.510	4,34	15,2	38,0	27,9	18,9	3,7
Cataluña	7.596.131	16,27	15,5	38,4	27,5	18,7	3,1
C. Valenciana	4.959.243	10,62	15,0	37,5	28,4	19,1	2,7
Estremadura	1.072.059	2,30	13,7	36,7	29,2	20,4	3,6
Galicia	2.700.970	5,78	11,9	34,1	29,1	24,9	4,5
A Coruña	1.119.091	2,40	12,2	34,2	29,3	24,3	4,1
Lugo	331.232	0,71	10,1	31,6	29,4	28,9	6,3
Ourense	309.112	0,66	9,9	30,5	28,4	31,2	6,6
Pontevedra	941.535	2,02	13,0	36,0	28,9	22,1	3,7
Madrid	6.576.009	14,08	15,5	39,2	27,7	17,6	2,8
Murcia	1.477.946	3,16	17,5	40,5	26,6	15,5	2,3
Navarra	647.219	1,39	15,6	36,7	28,2	19,5	3,5
País Vasco	2.198.657	4,71	14,0	34,2	29,8	22,0	3,7
A Rioxa	315.371	0,68	14,7	35,8	28,8	20,7	3,9
Ceuta	85.144	0,18	20,9	41,9	25,7	11,4	1,4
Melilla	86.308	0,18	23,1	42,2	24,6	10,0	1,3
Total	46.698.569	100	14,8	37,7	28,4	19,1	3,1

(1) datos a 1 de xaneiro de 2018 son provisionais
Fonte: INE, *Estadística del Padrón Continuo*

1.3.7.

grandes grupos de idade, todas as CC.AA. presentan no último ano unha medra da súa poboación maior de 45 anos, sendo esta incremento en Galicia inferior á rexistrada no conxunto do Estado. Entre xaneiro de 2017 e xaneiro de 2018, a poboación con idades comprendidas entre 45 e 64 anos medra en Galicia un 1%, oito décimas menos que en España, sendo esta medra tamén do 1% no caso dos maiores de 65 anos, sete décimas menos. Pola contra, o descenso da poboación galega menor de 44 anos é superior ao rexistrado no conxunto do Estado, sendo esta redución do 0,3% no caso dos menores de 15 anos, e do –2,2% no das persoas entre 15 e 44 anos (–0,1% e –1,6% en España, respectivamente).

Tras esta evolución, o 24,9% da poboación galega ten 65 ou máis anos (19,1% no conxunto do Estado), porcentaxe lixeiramente por baixo da rexistrada en Asturias e Castela e León (25,3% e 25,1%, respectivamente), mentres que tan só o 11,9% da poboación residente en Galicia é menor de 14 anos (14,8% en España e 11% en Asturias). O peso relativo das persoas maiores de 85 anos sobre o total de poboación ascende en Galicia ata o 4,5%, o que a sitúa tan só por detrás das mencionadas Castela e León e Asturias (5,3% e 4,7%, respectivamente).


Dende o comezo da crise económica en 2008, o descenso da poboación galega concéntrase nas persoas cunha idade comprendida entre 16 e 44 anos, cunha caída do 19,4% (case 217.000 habitantes menos), 4,2 puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado, o que sitúa á Galicia como unha das CC.AA. con maior descenso tras Castela e León, Asturias, A Rioxa e País Vasco. Os restantes grupos de idade presentan taxas de variación positivas aínda que inferiores á media española. Dunha banda, o incremento máis acusado é o experimentado polas persoas maiores de 85, cun 46,3%

Poboación residente en Galicia e España 2008 e 2018 (1): estrutura segundo grupos de idade

Galicia



España



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano, os datos do 2017 son provisionais a partires de xullo
Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3. 8.

(11,6% se se consideran as persoas maiores de 65 anos). Doutra, a poboación máis nova –menores de 15 anos– medra un 1,6% no devandito período, e a poboación de 45 a 64 anos, un 8%.

A nivel provincial, os datos recollidos no **cadro 1.3.7.** amosan novamente o elevado envellecemento da poboación nas provincias do interior de Galicia. Dunha banda, máis do 31% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe máis de 21 puntos porcentuais superior ao que representan os menores de 15 anos (9,9%). Na provincia de Lugo, o 28,9% da poboación ten máis de 65 anos, fronte ao 10,1% dos menores de 15. Cómpre resaltar que en ambas as dúas provincias máis do 6% da poboación ten 85 ou máis anos. Comparado co resto das provincias españolas, Ourense e Lugo son, xunto con Zamora, as que presentan as maiores porcentaxes de poboación maior de 65 anos e as menores con mozos de 15 ou menos anos. Entre as causas desta negativa evolución están, sen dúbida, os procesos de emigración acumulados nestas provincias.

Se se considera a desagregación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, xunto á maior concentración na franxa costeira cómpre resaltar que mentres que no interior o descenso poboacional entre 2008 e 2017 (últiimo dato dispoñible) rexístrase tanto no caso

dos menores de 16 anos (2.623 habitantes), como na poboación potencialmente activa (55.365 persoas) e nos maiores de 65 anos (2.744 persoas). Por contra, nas comarcas da denominada Galicia occidental costa o descenso prodúcese tan só no caso da poboación de 16 a 64 anos (91.254 habitantes menos), aumentando en case 66.000 as persoas de 65 e máis anos. A Galicia interior presenta unha poboación máis envellecida, representando as persoas maiores de 65 o 29,5% da súa poboación (22,7% na costa), en tanto que a poboación nova supón o 10,8% (13,5% na Galicia occidental-costa).


Descendendo na análise a nivel municipal, os datos da distribución da poboación por grandes grupos de idade e tamaño dos municipios amosan a devandita heteroxeneidade territorial. Dunha banda, mentres que no conxunto de Galicia a poboación que ten máis de 65 anos representa en torno ao 25%, nos municipios máis pequenos o 43,8% da súa poboación supera os 65 anos, situándose esta porcentaxe no 35,1% nos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadroamentos (21,8% nos concellos de máis de 10.000 habitantes). Como se aprecia no **cadro 1.3.9.**, en xaneiro de 2017 había en Galicia un total de oito concellos galegos onde máis da metade da poboación empadroada tiña máis de 65 anos e 24 onde a porcentaxe oscila entre o 40% e o 45% (catro e once, respectivamente, en 2008).

Por contra, a poboación menor de 16 anos non supera o 5% nos concellos menores de mil habitantes, e sitúase no 8,2% co caso daqueles cunha poboación entre 1000 e 5000 habitantes (12,7% no conxunto de Galicia). Case seis de cada dez concellos galegos teñen menos dun 10% de poboación menor de 16 anos (184 municipios) e só un 22,7% dos concellos galegos (71) superan a media galega.


Como reflicte o devandito **cadro 1.3.3.**, das sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra, cun 15,1%, e Vigo, con 14%, son as que presentan as maiores porcentaxes de persoas menores de 16 anos. Ao mesmo tempo, Pontevedra é a cidade con menor peso relativo no caso das persoas de 65 e máis anos corresponden, cun 19,7%, por diante de Lugo e Santiago de Compostela,

Concellos galegos cun peso relativo da poboación de 65 e máis anos


Poboación un xaneiro 1998



Poboación un xaneiro 2008



Poboación a un de xaneiro de 2017



(1) Vermello: máis do 50%; azul: ente 45 e 50%; verde: entre 40 e 45%
Fonte: IGE, Cifras de poboación, Revisión do Padrón Municipal de Habitantes

1.3. 9.

Poboación estranxeira residente en Galicia e España 2018 (1)

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
							(%)
Galicia	92.062	44.686	47.376	2.700.970	1.300.219	1.400.751	3,4
A Coruña	34.321	16.200	18.121	1.119.091	536.516	582.575	3,1
Lugo	13.338	6.838	6.500	331.232	160.607	170.625	4,0
Ourense	13.104	6.343	6.761	309.112	148.332	160.780	4,2
Pontevedra	31.299	15.305	15.994	941.535	454.764	486.771	3,3
España	4.719.418	2.367.176	2.352.242	46.698.569	22.885.331	23.813.238	10,1
				(%)			
Galicia / España	2,0	1,9	2,0	5,8	5,7	5,9	
A Coruña / Galicia	37,3	36,3	38,2	41,4	41,3	41,6	
Lugo / Galicia	14,5	15,3	13,7	12,3	12,4	12,2	
Ourense / Galicia	14,2	14,2	14,3	11,4	11,4	11,5	
Pontevedra / Galicia	34,0	34,3	33,8	34,9	35,0	34,8	

(1) datos a 1 de xaneiro de 2018 son provisionais
Fonte: INE, *Estadística del Padrón Continuo*

1.3.10.

cun peso relativo en torno ao 21%. Por contra, en Ferrol só o 11,6% da poboación ten menos de 16 anos e o 27,2% supera os 65 anos.

• Poboación estranxeira e movementos migratorios

Segundo os datos definitivos publicados polo INE, a 1 de xaneiro de 2017 en Galicia residían un total de 91.098 estranxeiros, o que supón un incremento de 767 estranxeiros en relación ao mesmo período do ano anterior. En termos relativos, esta medra foi do 0,8% en Galicia, en tanto que permanece practicamente constante no conxunto do Estado. Os datos recollidos no **cadro 1.3.10.** amosan que a poboación estranxeira representa o 3,4% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 9,5% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal, manténdose como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Estremadura (3,1%). Na Comunidade galega están empadroados o 2,1% dos estranxeiros residentes no Estado español, porcentaxe significativamente inferior ao peso relativo da poboación galega en España, que é do 5,8%.

En termos absolutos, as provincias de Pontevedra, con 32.704 persoas, e A Coruña, con 32.540, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. Atendendo ao seu peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 4,1% da súa poboación total, seguida de Lugo, co 4%. Esta rateo sitúase no 3,5% na provincia de Pontevedra, manténdose A Coruña como a provincia con menor presencia relativa de estranxeiro, cun 2,9% da súa poboación.

Tendo en conta o devandito incremento da poboación estranxeira, o descenso da poboación residente en Galicia entre o 1 de xaneiro de 2016 e 2017 ven explicado pola caída do número de persoas de nacionalidade española (10.653 persoas menos). Entre as persoas de nacionalidade española esta caída rexístrase nas catro provincias, sendo as máis acusadas as rexistradas en Lugo, con 2.949 persoas menos (–0,9%), e Ourense, con 2.905 menos (–1%). No que atinxe ás persoas de nacionalidade estranxeira, tan só Ourense presenta unha caída no último ano (-1,4%), fronte ao incremento experimentado nas outras tres provincias, onde Lugo rexistra o maior aumento en termos relativos, cun 3,3% (423 estranxeiros máis), seguido de Pontevedra, cun 1,4% (438 persoas máis).

No que respecta á nacionalidade de orixe dos estranxeiros residentes en Galicia, **cadro 1.3.11.**, do total dos es-

Poboación residente 2017 (1): distribución segundo nacionalidade e orixe

	Poboación					
	Total		Nacionalidade			
			española		non española	
Lugar de nacemento	2.710.216	100	2.619.117	100	91.099	100
España	2.494.620	92,0	2.489.366	95,0	5.254	5,8
Resto UE (sen España)	63.182	2,3	29.630	1,1	33.552	36,8
Resto Europa	19.680	0,7	17.288	0,7	2.392	2,6
África	14.666	0,5	4.310	0,2	10.356	11,4
América						
América do Norte	7.354	0,3	5.205	0,2	2.149	2,4
América Central e Caribe	18.745	0,7	12.543	0,5	6.202	6,8
América do Sur	85.789	3,2	59.120	2,3	26.669	29,3
Asia	5.771	0,2	1.411	0,1	4.360	4,8
Oceanía	410	0,0	243	0,0	167	0,2

(1) datos provisionais
Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.11.

tranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro de 2017, o 45,2% procede do continente europeo (5,8% nados en España) e un 38,4%, do continente americano, dos que máis de tres cuartas partes procederían de América do Sur (29,3%). O 11,4% e o 5% restantes serían de nacionalidade africana e procedentes de Asia e Oceanía, respectivamente. Comparado coa situación no ano anterior, en termos absolutos destaca o incremento do número de estranxeiros procedentes de América do Sur (796 persoas menos) e de Norte América (261 estranxeiros menos), a diferencia do que acontece coas persoas procedentes de África e centro América e caribe (327 e 165 persoas menos, respectivamente), así como dos países da UE-28 agás España (62 persoas menos).

No mesmo período de tempo volve a aumentar en Galicia o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 129.751 persoas. Atendendo á súa distribución segundo continentes, o 68,9% da poboación procedente de América do Sur e residente en Galicia, 59.120 residentes, ten a nacionalidade española, situándose esta porcentaxe no 46,9%, 29.630 persoas, no caso da Unión Europea (agás España), e no 87,8% no dos países europeos non comunitarios (17.288 persoas).

No que atinxe aos **movementos migratorios**, no primeiro semestre de 2017 o saldo migratorio exterior presenta un signo positivo, situándose en 2.087. Como se aprecia no **cadro 1.3.12.**, no primeiro semestre do ano tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países voltan a ser inferiores ao volume de entradas rexistradas.

No que ás migracións cara terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2017 un total de 5.298 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega con destino a outros países, en tanto que 7.385 persoas procedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia. Como resultado, reafírmase o saldo migratorio positivo rexistrado no mesmo período do ano anterior, acadándose nos primeiros seis meses do ano 2017 un saldo de 2.087 (no primeiro semestre de 2016 foi de 922). O saldo migratorio no caso das persoas de nacionalidade española é lixeiramente positivo (38) ao igual que acontece no caso das persoas de nacionalidade estranxeira (2.049). Cómpre destacar o saldo positivo das persoas procedentes de Sur América (2.220) e, en especial, de Venezuela (1.273), Brasil (422) e Colombia (323).

Atendendo á desagregación da análise das migracións exteriores segundo país de nacemento, o fluxo de entrada en Galicia no primeiro semestre de 2017 descomponse en 4.475 persoas nacidas en España e 4.910 no estranxeiro. Doutra banda, das 5.298 persoas residentes en Galicia que marcharon cara a terceiros países no primeiro semestre, 2.437 naceran en España.

Movementos migratorios con terceiros países 2016-17 (1): distribución segundo país de nacemento e grupo de idade

	1º semestre de 2016			1º semestre de 2017		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	5.718	4.796	922	7.385	5.298	2.087
España	1.962	2.663	-701	2.475	2.437	38
0-14	261	279	-18	310	263	47
15-39	588	1.338	-750	769	1.164	-395
40-64	678	781	-103	850	744	106
>65	439	264	175	546	266	280
>85	32	27	5	52	44	8
Estranxeiro	3.755	2.133	1.622	4.910	2.861	2.049
0-14	595	168	427	803	174	629
15-39	2.139	1.198	941	2.731	1.428	1.303
40-64	860	691	169	1.165	1.040	125
>65	162	75	87	211	219	-8
>85	19	3	16	20	22	-2

(1) os datos de 2017 son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.12.


Indicadores demográficos das CC.AA. 2017 (1)

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xullo
		exterior	interior		
Andalucía	8.408.975	3.359	-7.370	-1.614	8.403.350
Aragón	1.316.072	2.208	-83	-2.484	1.315.713
Asturias	1.034.302	340	-705	-3.882	1.030.055
Baleares	1.150.962	5.339	3.989	301	1.160.591
Canarias	2.154.978	9.258	667	-559	2.164.344
Cantabria	581.490	468	260	-1.109	581.109
Castela e León	2.435.951	-456	-3.714	-7.906	2.423.875
Castela-A Mancha	2.040.977	-1.313	-2.404	-2.459	2.034.801
Cataluña	7.441.284	11.467	3.169	-1.963	7.453.957
C. Valenciana	4.935.182	331	724	-3.935	4.932.302
Estremadura	1.077.525	-324	-2.376	-1.941	1.072.884
Galicia	2.710.216	2.087	-699	-7.942	2.703.662
Madrid	6.476.838	15.699	8.737	5.163	6.506.437
Murcia	1.472.991	-276	29	1.327	1.474.071
Navarra	640.353	819	455	-282	641.345
País Vasco	2.167.323	3.548	315	-2.932	2.168.254
A Rioxa	312.624	218	-129	-290	312.423
Ceuta	85.034	103	-304	184	85.017
Melilla	84.946	51	-559	418	84.856
Total	46.528.024	52.926	-	-31.905	46.549.045

(1) os datos de saldo migratorio son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.13.



Fonte: INE e IGE

1.3.14.

No que atinxe aos movementos entre Comunidades Autónomas, o saldo migratorio interautonómico para Galicia volve a ser negativo. Os datos provisionais correspondentes ao primeiro semestre de 2017 indican que este é de –699 cando no mesmo período do ano anterior foi de –976 persoas. Os rangos de idades cun saldo migratorio interautonómico máis negativo son os comprendidos entre 25-29 anos e 30-34 anos (359 e 226 persoas menos no primeiro semestre, respectivamente), por diante das persoas de 20 a 24 anos (189 menos) e de 35 a 394 anos (–151 persoas).

Como reflicte o **cadro 1.3.13.**, xunto ao saldo migratorio positivo cómpre mencionar que Galicia presenta novamente o saldo vexetativo negativo máis elevado de todas as CC.AA. Este elevado saldo negativo perpetúa o inverno demográfico galego, agravado, entre outros factores, polos mencionados efectos demográficos da crise económica.

Movemento natural da poboación

A devandita evolución demográfica e a estrutura da poboación condicionan a existencia dun crecemento natural cada vez máis negativo, agravado pola emigración de mozos en idade de ter fillos.

O crecemento vexetativo mantívose sempre en valores negativos, acadando en 2016 o nivel máis elevado dende o ano 2000. Os datos recollidos no **cadro 1.3.14.** indican que no ano 2016 (último dato anual dispoñible) rexistráronse en Galicia 12.695 defuncións máis que nacementos, o que sitúa á Comunidade galega como a Comunidade Autónoma coa taxa de crecemento vexetativo negativa máis elevada. Os datos definitivos do ano 2016 reflicten un incremento do saldo negativo superior ao do ano anterior, resultado dun descenso do 1,9% no número de nacementos e unha medra do 0,2% no caso das defuncións.

A interdependencia entre natalidade e a xa mencionada estrutura poboacional condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 7 nacementos por cada 1.000 habitantes. O marcado proceso de recesión demográfica acentúase co mantemento dunha elevada taxa bruta de mortalidade, que no último ano se sitúa en 11,7 falecidos por cada 1.000 habitantes.

Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, a taxa de nacementos acada o seu nivel máis elevado no ano 2008, con 8,4 nacementos por cada 1.000 habitantes. A partir dese ano, a taxa de nacementos baixa 1,4 puntos, situándose en 2016 no nivel máis baixo dende o 2000. A taxa de mortalidade en Galicia aumenta no último ano para situarse en 11,7 falecementos por cada mil habitantes, a rateo máis alta da serie 1976-2016.

Finalmente cómpre indicar que o número de persoas nacidas de nai española descende no ano 2016 un 2,3% en relación anterior, acadando os 7.803 nacementos no último ano (descendera no ano anterior un 0,4%). Por contra, as persoas nacidas de nai estranxeira medran un 4,3% cando no ano anterior descende un 9,5% 81.259 nacementos en 2016). Se a comparación se realiza co acontecido no inicio da crise económica, o número de nacementos de nai española descende un 16,7% (21.381 nacementos en 2008) fronte ao 29,8% no caso de nai estranxeira (1.794 nacementos en 2008). ❑